

Área
Santiago



VISITAS RECOMENDADAS PARA TURISMO EDUCATIVO E FAMILIAR

AREA SANTIAGO

1. PRESENTACIÓN	5
2. AGROALIMENTARIAS	6
2.1. Queixaría Barral	6
2.2. Queixaría Daniel Torres- O Labrador Estradense.....	7
2.3. Lácteos Anzuxao	8
2.4. Bo Queixo	9
2.5. O enredo do abelleiro- Museo vivente do mel.....	10
2.6. Centro de Divulgación do Queixo do Mel.....	11
2.7. Cooperativa Monte Cabalar	12
2.8. Sidrería Ribela	13
2.9. Pazo de Galegos	14
2.10. Adega Valdés.....	15
2.11. Augardentes de Galicia.....	16
2.12. Pazo Arretén	17
2.13. Petroni	18
2.14. Castrobrey	19
2.15. Fogar do Selmo	20
2.16. M ^a del Carmen Pazos Rabuñal- Agricultura ecolóxica.....	21
2.17. Fervenza Aventura.....	22
2.18. Santiago mmm...que rico!	23
3. MUSEOS E CENTROS DE DIVULGACIÓN/INTERPRETACIÓN	24
3.1. Museo Municipal "Ramón M ^a Aller Ulloa"	24
3.2. Museo da Marioneta	25
3.3. Casa do Patrón	26
3.4. Museo Terra de Melide	27
3.5. Centro de Divulgación do Cabalo de Pura Raza Galega	28
3.6. Centro de Interpretación do Pico Sacro	30
3.7. Fundación Paco Lareo	31
3.8. Fundación Pública Gallega Camilo José Cela	32
3.9. Casa Museo Rosalía de Castro	33
3.10. Mosteiro de Carboeiro	34
3.11. Cidade da Cultura	35
3.12. Tren turístico Santiago.....	36
3.13. Catedral de Santiago	37

3.14.	Museo da pesca-Casa Suárez.....	38
3.15.	Fundación Neira Vilas.....	39
4.	PAZOS E XARDÍNS	40
4.1.	Pazo de Oca	40
4.2.	Pazo de Ribadulla.....	41
5.	ARTESANÍA.....	43
5.1.	Fernando Porto & Trinidad.....	43
5.2.	Maysil.....	44
5.3.	Sonia Ares	45
5.4.	Elena Ferro	46
6.	NATUREZA/DEPORTE.....	47
6.1.	Illas de Gres.....	47
6.2.	Arrepións	48
6.3.	Amextreme.....	49
6.4.	Baudeaventura.....	50
6.5.	Galipark	51
6.6.	Rio Ulla-Vedra.....	52
6.7.	As Verias	53
7.	CAMIÑAR POLA VOSA CONTA	54
7.1.	Ruta de Ponte a Ponte.....	54
7.2.	Ruta Casa do Patrón	55
7.3.	Ruta da Auga de Parada PR-G 124.....	56
7.4.	Ruta dos muiños	57
7.5.	Ruta dos pescadores	57
7.6.	Ruta dos tres ríos.....	58
7.7.	Roteiro dos Muíños de Devesacarballa	59
7.8.	Ruta de San Xoán da Cova PR-G 36	60
7.9.	Senda botánica de Carboeiro	61
7.10.	Senda fluvial botánica do Río Mera	62
7.11.	Sendeiro circular de Doade.....	63
7.12.	Sendeiro da Fervenza de Féveda.....	64
7.13.	Sendeiro do Deza	65
8.	LUGARES RECOMENDADOS PARA PICNIC	66
8.1.	Área de Recreo de Agronovo.....	66


8.2.	Área de Recreo de Cubelas.....	66
8.3.	Área de Recreo de Campo Gundián.....	67
8.4.	Área recreativa da Madalena.....	67
8.5.	Área recreativa da Saleta.....	68
8.6.	Área recreativa da Santaia.....	69
8.7.	Área recreativa das Pedrosas.....	70
8.8.	Área recreativa de Bembibre	71
8.9.	Área recreativa de Brandelos.....	72
8.10.	Área recreativa de Foxás-Grixó	73
8.11.	Área recreativa da Desembocadura Sar-Ulla.....	74
8.12.	Área recreativa de Penateixa.....	74
8.13.	Área recreativa de Remesquide.....	75
8.14.	Área recreativa de Ribadiso.....	76
8.15.	Área recreativa de Santiaguíño do Monte	76
8.16.	Área recreativa do areal de Berres	78
8.17.	Área recreativa do Xirimbao.....	78
8.18.	Área recreativa Entre Os Ríos	79
8.19.	Área recreativa Illa do Refuxio	79
8.20.	Carballeira de Rodo	80
8.21.	Os Castros de Toiriz	81
8.22.	Praia fluvial da Carixa	82
8.23.	Praia fluvial de Tarroeira	83
8.24.	Praia fluvial de Chaián	83
8.25.	Praia fluvial de Cira.....	84
8.26.	Praia fluvial de Furelos	84
8.27.	Praia fluvial de Liñares.....	85
8.28.	Praia fluvial do Abeseiro de Toiriz.....	85
8.29.	Praia fluvial de Seira	86
8.30.	Praia fluvial de Pozo do Boi	86

1. PRESENTACIÓN

Área Santiago é un grupo de dezaseis concellos da zona de Santiago de Compostela que traballa na promoción turística conxunta.

O territorio de Área Santiago, que recibe ese nome por situarse na área de influencia de Santiago de Compostela, abrangue o sur da provincia da Coruña e o norte da provincia de Pontevedra, separadas ambas polo río Ulla, que fai de fronteira natural.

Comprende dezaseis concellos do interior de Galicia: A Estrada, Arzúa, Boqueixón, Lalín, Melide, O Pino, Oroso, Padrón, Rois, Santiago de Compostela, Silleda, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra e Vila de Cruces.



Área Santiago está a traballar de forma activa na liñas do turismo escolar, educativo e familiar, e ten localizados unha serie de recursos e visitas recomendadas neste eido. No seguinte documento, preséntanse unha recompilación das visitas recomendadas por Área Santiago para grupos escolares.

2. AGROALIMENTARIAS

2.1. Queixería Barral

Actividade: visita guiada e degustación

Concello: Arzúa

Empresa (nome comercial): Queixería Barral

Sector / actividade: Queixería

Enderezo: La Riba nº6 Pantiñobre 15819 Arzúa.

Coordenadas xeográficas: 42.909732, -8.187996

Teléfono: 981500928

Correo electrónico: cristina@queixosbarral.com

Páxina web: www.queixosbarral.com



Accesos: Queixería Barral atópase a 5,7 km de Arzúa centro, saíndo da vila por AC-905 (dirección Vila de Cruces). Despois de 3 quilómetros dende a saída de Arzúa xiramos á dereita seguindo o sinal de Pantiñobre/Salmonte. Dispón de perfecta sinalización e aparcamento propio con capacidade para coches e autobuses.

Descrición: Queixería situada en Arzúa que elabora queixos das Denominacións de Orixe Arzúa-Ulloa e Tetilla co leite que se obtén diariamente das explotacións gandeiras da comarca. Ofrece unha completa visita polas súas instalacións, na que se poderá observar de primeira man todo o proceso de produción, dende a chegada do leite ata os queixos preparados para a venda. Visitarase a sala de fabricación, as cámaras de maduración e zona de expedición. Para rematar ofrece unha saborosa degustación dos queixos das DOP Tetilla e Arzúa-Ulloa. A duración da actividade será de 1 hora.

Días e horarios: De luns a venres pola tarde. Existe a posibilidade de realizar as visitas en outro horario consultando coa empresa.

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: Mínimo 8, máximo 20 persoas.

Condicións: A empresa proporciona a vestimenta axeitada para visita das instalacións: Gorro, bata e calza de un só uso. Non se poderá acceder sen colocar dita indumentaria.

Tarifas: 5 € por persoa, 3 € para nenos de 3 a 12 anos e gratuíto ata 3 anos.

2.2. Queixaría Daniel Torres- O Labrador Estradense

Actividade: Visita Guiada e Degustación

Concello: A Estrada

Empresa (nome comercial): Labrador Estradense

Sector / actividade: Queixería

Enderezo: Ponte Liñares – Callobre (A Estrada)

Coordenadas xeográficas: 42.700694, -8.451070

Teléfono: 986570705

Correo electrónico: info@queseriasdanieltorres.com

Páxina web: www.queseriasdanieltorres.com



Accesos: Atópase situado a 3,9 quilómetros do centro de A Estrada, na N-640. Dispón de aparcamento propio con capacidade para coches e autobuses.

Descrición: Fundada en 1.939, a queixería Daniel Torres coa súa marca Labrador Estradense ocúpase da elaboración dos queixos das Denominacións de Orixe Tetilla e Arzúa Ulloa, ademais de outros como o queixo de barra, o queixo de bola graxo madurado, graxo tenro e o semicurado que denominan "A Ponte Vella". Para a produción de todos estes queixos utilízase o leite que recollen día a día das explotacións da comarca. OFRECE visita guiada para observar todo o proceso de fabricación dos queixos dende que chega o leite ata os queixos listos para a venda. A continuación realízase unha degustación das D.O. Tetilla e Arzúa-Ulloa xunto cos outros queixos que tamén elaboran: Queixo de Barra, "Graxo Madurado", "Graxo Tenro" e "A Ponte Vella"..

Duración: A duración da actividade é de 45 minutos

Días e horarios: De luns a domingo a calquera hora baixo reserva. Para poder observar a queixería en funcionamento os horarios son de luns a venres de 11:30 a 14:00 horas.

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: Mínimo 1, máximo 20.

Tarifas: Gratuíta

2.3. Lácteos Anzuxao

Actividade: Visita guiada e degustación.

Concello: Lalín

A Empresa (nome comercial): Lácteos Anzuxao

Sector / actividade: Queixería

Enderezo: Madriñá 2, 36512 Lalín

Coordenadas xeográficas: 42.710779, -8.142509

Teléfono: 986794135

Correo: info@lacteosanzuxao.com

Páxina web: www.lacteosanzuxao.com



Accesos: Situado a 13 km de Lalín, chégase tomando a N-525 e a continuación a EP-6005. Atópase perfectamente sinalizado dende a N-525. Dispón de aparcamento privado para coches e autobuses.

Descrición: O Pazo de Anzuxao é un dos exemplos máis representativos da arquitectura civil da zona. Nas súas instalacións alberga as instalacións de Lácteos Anzuxao, unha fábrica tradicional de queixos galegos das Denominacións de Orixe Tetilla e Arzúa-Ulloa. Dispón de tenda e sala de conferencias. OFRECE visita guiada para comprender o proceso de elaboración do queixo e degustación. A continuación, os visitantes poderán realizar unha visita libre aos xardíns do pazo e á capela.

Duración: A duración da visita é de 1 hora.

Días e horarios: De luns a venres de 06:30 a 20:00 horas. Sábados e domingos: De 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas. Nos meses de verán o horario prolóngase ata as 21:00 horas. O horario de fabricación do queixo é de 06:30 a 14:00 horas, a calquera outro horario veríanse as instalacións pero non en funcionamento.

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: Mínimo 6, máximo 25 coa posibilidade de dividir grupos.

Tarifas: Gratuito.

2.4. Bo Queixo

Actividade: Visita guiada e degustación

Concello: Boqueixón

Empresa (nome comercial): Bo-Queixo

Sector / actividade: Queixería

Enderezo: Orto 2 Boqueixón

Coordenadas xeográficas: 42.800811, -8.419003

Teléfono: 981515751

Correo electrónico: info@queixotetilla.org

Páxina web: www.queixotetilla.org



Accesos: Situado a 2 km de O Forte (cabeceira do concello de Boqueixón) por DP-1201 para despois xirar á dereita cara o lugar de Orto. Dispón de un lugar para estacionar coches e autobuses.

Descrición: Establecemento de elaboración de queixo da Denominación de Orixe Arzúa-Ulloa de 1 e 3 quilos. Trátase dun queixo realizado con leite enteiro, pasteurizado de vaca do que se obtén un queixo coa casca fina e elástica, marela, pasta con poucos ollos e branca, forma lenticular, sabor lixeiramente ácido e pouco salgado. Maduración mínima de 7 días. OFRECE visita guiada ás instalacións da queixería para coñecer o proceso de fabricación das D.O. Tetilla e Arzúa-Ulloa; para posteriormente poder saborear estas variedades nunha degustación.

Duración: A duración da actividade é de 1 hora.

Días e horarios: De luns a domingo a calquera hora baixo reserva. De luns a venres poderase observar a fabricación "in situ".

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: Mínimo 15, máximo 60.

Tarifas: 2 € por persoa

2.5. O enredo do abelleiro- Museo vivente do mel

Actividade: Visita guiada e talleres

Concello: Arzúa

Empresa (nome comercial): O Enredo do Abelleiro. Museo Vivente do Mel.

Sector / actividade: Museo do Mel

Enderezo: Portodemouros s/n Arzúa

Coordenadas xeográficas: 42.9289611, - 8.1723684

Teléfono: 981508072

Correo electrónico: info@abelleiro.com

Páxina web: www.abelleiro.com



Accesos: Localízase nas aforas de Arzúa, no entorno de Portodemouros. Dispón de aparcamento.

Descrición: O Enredo do Abelleiro é un museo vivente no que os visitantes poden coñecer a historia da apicultura galega. Ademais da visita guiada polas instalación e xardíns, ofrecen as seguintes actividades: posibilidade de que o visitante se vista de apicultor e coñeza unha colmea por dentro, obradoiro de cera no que se elaboran candeas e un obradoiro de envasado.

Días e horarios: De luns a domingo de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas.

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: Para as visitas non se establece nin mínimo nin máximo. Para os talleres deben ser arredor de 10 persoas.

Condicións: Se algunha persoa é alérxica á picadura das abellas deberá comunicalo.

Tarifas: 2 € a visita ao museo con degustación. 3 € cada un dos talleres.

2.6. Centro de Divulgación do Queixo do Mel

Actividade: Visita guiada

Concello: Arzúa

Empresa (nome comercial): Centro de Divulgación do Queixo e do Mel.

Sector / actividade: Divulgación do queixo e do mel

Enderezo: Feira Nova s/n Arzúa

Coordenadas xeográficas: 42.933054, -8.159765

Teléfono: 981508142

Correo electrónico: aga@queixoemel.org

Páxina web: www.queixoemel.org

Accesos: Na vila de Arzúa. Dispón de aparcamento nas inmediacións Nome: Visita guiada

Descrición: O Centro de Divulgación do Queixo e do Mel ten por obxectivo dar a coñecer e promocionar o Queixo de Arzúa-Ulloa e o Mel de Galicia, descubriendo o mundo das abellas e do queixo, as formas de produción destes produtos dende a antigüidade ata hoxe en día, usos e propiedades do mel e do queixo, as tradicións e a relación coa cultura e a sociedade rural galega. As instalacións do Centro de Divulgación comprenden un espazo museográfico-interpretativo, unha biblioteca apícola, unha sala multiusos (proxeccións, charlas, obradoiros), unha cociña-laboratorio e tenda gastronómica. No seu interior conviven ademais a Asociación Galega de Apicultura e a cooperativa Erica Mel, que desenvolven actividades de diferente índole, dende formación, promoción, sensibilización e educación sobre apicultura, abellas e medio ambiente. Os visitantes do centro tamén poden visitar a cooperativa Erica Mel, que comparte as instalacións co Centro de Divulgación, e descubrir como funciona a cooperativa, como son os meles dos seus socios e socias e como é o proceso de envasado do mel. OFRECE visita guiada ao Centro de Divulgación do Queixo e do Mel e á Cooperativa Erica Mel.

Días e horarios: De luns a venres de 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 18:00 horas

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: Sen mínimo nin máximo

Tarifas: A acordar co centro.



2.7. Cooperativa Monte Cabalar

Actividade Ruta guiada

Concello: A Estrada

Empresa (nome comercial): Cooperativa Monte Cabalar.

Sector / actividade: Cooperativa gandeira

Enderezo: Escola, Somoza, A Estrada

Coordenadas xeográficas: 42.664354, -8.483935

Teléfono a publicar: 638104443 / 638104442

Correo electrónico: ana@montecabalar.com

Páxina web: www.montecabalar.com



Accesos: A 3 km da vila de A Estrada seguindo pola EP-7001. Trátase de vías secundarias e con escasa sinalización. As oficinas da cooperativa dispoñen de aparcamento propio con capacidade para coches e autobuses.

Descrición: Cooperativa que cría e comercializa produtos elaborados con carne de poldro, tenreira e porco celta. Ofrece Ruta guiada polo monte con visita ao terreo da cooperativa e paseo entre os animais en liberdade. Degustación dos produtos elaborados das carnes dos animais do monte (poldro, tenreira e porco celta).

Duración: A duración da actividade é de 1 hora e media e a dificultade da ruta é baixa a pesar de realizarse polo monte.

Días e horarios: De luns a domingo a calquera hora con reserva previa.

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: Mínimo 10 persoas. Sen máximo.

Tarifas: Gratuito.

2.8. Sidrería Ribela

Actividade: Visita guiada e cata comentada.

Empresa (nome comercial): Sidrería Ribela

Concello: A Estrada

Sector / actividade: Sidrería

Enderezo: Trabadela 12, Santa Mariña de Ribela, A Estrada

Coordenadas xeográficas: 42.634585, -8.417588

Teléfono: 655112386

Correo electrónico: jesusarmenteros@ribela.es

Páxina web: www.ribela.es



Accesos: A 12,5 km de A Estrada tomando a EP-7001 ata chegar á aldea de Codeseda, na que se tomará unha vía á man dereita que conduce a Ribela. Dispón de aparcamento privado con capacidade para coches. Trátase de vías secundarias con pouca sinalización.

Descrición: Sidrería tradicional que dispón de numerosas variedades de maceiras e elabora 3 tipos de sidra. Ubícase nunha construción rústica. OFRECE visita guiada para comprender o proceso de elaboración da sidra, comezando pola finca de maceiras para continuar no lagar e finalmente poder gozar dunha cata comentada. Nesta cata poden degustarse as tres variedades de sidra que se producen no lagar de Ribela, algunhas que precisan escanciado e outras non. A duración da actividade é de 1 hora.

Días e horarios: De luns a domingo a calquera hora baixo reserva.

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: Mínimo 5, máximo 15.

Tarifas: A concretar

2.9. Pazo de Galegos

Actividade: Visita Guiada e Cata Comentada

Empresa (nome comercial): Pazo de Galegos

Sector / actividade: Adega, hotel e restaurante

Enderezo: Lugar de Galegos nº6 Vedra

Coordenadas xeográficas: 42.784779, -8.435575

Teléfono: 981512217

Correo electrónico: info@pazodegalegos.com

Páxina web: www.pazodegalegos.com



Accesos: Atópase na beira da N-525 a 18 km de Santiago de Compostela e 5,8 da vila de Vedra. Chégase doadamente seguindo pola N-525 que provén de Santiago de Compostela ata chegar á aldea de Galegos, onde se xirará á esquerda seguindo a indicación do pazo. Dispón de aparcamento privado con capacidade para coches e autobuses.

Descrición: Pazo de Galegos, situado no alto do val do Ulla, a 13 quilómetros de Santiago de Compostela, foi residencia de D. Antonio López Ferro, canónico da Catedral de Santiago de Compostela e descubridor da tumba de Santiago Apóstolo. O hotel consta de 9 habitacións con baño, cada unha con estilo propio e con nomes de uvas autóctonas. Tamén dispón de servizo de bar e restaurante. Na finca pódese gozar de paseos entre viñas, camelias, magnolio centenario e unha cepa de máis de catrocentos anos. OFRECE visita guiada aos viñedos e a bodega para posteriormente realizar unha cata comentada de viños. Se os clientes o desexan engadiríase unha visita á obra de López Ferreiro situada no salón do pazo.

Duración: A duración da visita é de 1 hora.

Días e horarios: De luns a domingo a calquera hora baixo reserva. É necesario ter en conta as horas de sol para a visita aos viñedos.

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: Mínimo 6, máximo 50

Condições: As persoas menores de idade non poderán acceder á bodega e a visita realizarana en compañía de adultos.

Tarifas: 5 euros por persoa.

2.10. Adega Valdés

Actividade: Visita Guiada e Cata Comentada.

Empresa (nome comercial): Adega Valdés

Sector / actividade: Adega

Enderezo: Santa Cruz de Ribadulla 15885 Vedra

Coordenadas xeográficas: 42.755727, -8.427216

Teléfono: 981819023

Correo electrónico: comercial@gundian.com

Páxina web: www.adegavaldes.com



Accesos: A 7,9 km do centro de Vedra. Dende o centro desta vila accederase á adega polas estradas AC-241 e despois por CP-8902. Dispón de aparcamento privado con capacidade para coches e autobuses. A pesar de atoparse en estradas secundarias, existen suficientes sinais indicativas da adega.

Descrición: Elaboración e comercialización de viños D.O. Rías Baixas. Adega Valdés é o reflexo da vocación e o traballo da familia Valdés. No ano 2001 coa ampliación da D.O Rías Baixas na zona do Ulla fúndase a actual Adega, que une tradición familiar coas máis vangardistas técnicas de elaboración vitivinícola. Con unha produción superior ás 200.000 botellas anuais, Adega Valdés ven consolidando a súa imaxe e o seu viño Gundían no mercado nacional e aposta na actualidade pola súa expansión internacional. OFRECE visita guiada na compañía do enólogo da bodega aos viñedos, ao pazo e á bodega para a observación de todo o proceso de elaboración do viño. A continuación realízase unha cata comentada. Obséquiasse a tódolos visitantes con unha botella de viño Gundían, que recibiu o premio de Mellor Albariño Rías Baixas 2014.

Duración: A duración da actividade é de 1 hora e 30 minutos.

Días e horarios: De luns a venres de 09:00 a 13:00 e de 15:30 a 19:30. As visitas realízanse todo o ano excepto en agosto.

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: Mínimo 2, máximo 50.

Condicións: Os menores deben ir na compañía de adultos.

Tarifas: 15 euros por persoa.

2.11. Augardentes de Galicia

Nome: Visita Guiada e Cata Comentada de Licores

Empresa (nome comercial): Augardentes de Galicia

Sector / actividade: Elaboración de bebidas espirituosas.

Enderezo: San Pedro de Sarandón, 15886 Vedra

Coordenadas xeográficas: 42.752814, -8.475380

Teléfono: 981502100

Correo electrónico: info@aguardientesdeg Galicia.com

Páxina web: www.aguardientesdeg Galicia.com



Accesos: Atópase a 3,2 km de Vedra. Dende esta vila accederase polas estradas DP-1202 e a continuación pola AC-241. Trátase de estradas secundarias pero existe boa sinalización do establecemento. Dispón de aparcamento privado con capacidade para coches e autobuses.

Descrición: Destinada á elaboración de bebidas espirituosas, Augardentes de Galicia destila, embotella e comercializa as augardentes e licores tradicionais de Galicia, distinguidos coas Indicacións Xeográficas Protexidas Augardente de Galicia, Augardente de Herbas de Galicia, Licor de Herbas de Galicia e Licor Café de Galicia. OFRECE visita ás instalacións para observar todo o proceso de elaboración das bebidas e degustación das augardentes e licores tradicionais de Galicia.

Duración: A duración da actividade é de 1 hora.

Días e horarios: De luns a venres de 10:00 a 13:00 e de 16:00 a 18:00 horas.

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: Mínimo 6, máximo 15.

Condicións: Os menores de idade deben ir acompañados de adultos.

Tarifas: Gratuíto.

2.12. Pazo Arretén

Actividade: Visita adega e viñedos

Empresa (nome comercial): Pazo Arretén

Sector / actividade: Adega

Enderezo: Lugar de Pousa, s/n (viñedos) a bodega está no Hotel Scala

Coordenadas xeográficas: 42.746019 / -8.646428 (Fuente: web proveedor)

Teléfono: 981811312

Correo electrónico: hotel@hscala.com

Páxina web: <http://www.hscala.com/bodega/>

Accesos: Non moi bo, a 3 minutos de AC-242 (cruzar polígono Picusa) e ó final coller pista á dereita que leva a Arretén.

Descrición: Pazo do século XVII, no que viviu Rosalía de Castro. Hoxe o edificio principal foi restaurado, e as súas 6.5 hectáreas de terreo acollen os viñedos de diversos viños, entre eles, albariño. Fanse visitas guiadas previa reserva que rematan cunha degustación.

Días e horarios: Previa reserva

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: 10 mínimo; 30 máximo

Tarifas: 15 euros con cata degustación e visita a Destilería Compostela. A cata inclúe Petroni, viño Pazo de Arretén e degustación de produtos da zona.



2.13. Petroni

Nome: Visita guiada á destilería e degustación de Petroni

Empresa (nome comercial): Vermú St. Petroni

Sector / actividade: Destilería

Enderezo: Pazos, s/n (Aldea Antequera,20)

Coordenadas xeográficas: 42.764828, -8.697224

Teléfono: 981060013

Correo electrónico: info@vermupetroni.com

Páxina web: <http://www.vermupetroni.com/>



Accesos: Media, a 4 minutos de AC- 301. Dende a N-550 na rotonda do Hotel Scala coller dirección Rois, e seguir ata ver un cartel á man dereita que pon Destilería. Accesible en coche e autobús. Amplo aparcadoiro.

Descrición: Destilería Compostela, funcionando dende o ano 1999, destila augardentes de uva de Galicia cos mellores estándares de Calidade (certificada por AENOR) que vende a embotelladores e fabricantes. A visita empeza na entrada da destilería, onde se atopa o parking. O primeiro que e explica, é o ensilado, materia prima da que parte todo o proceso da sala de destilacións que se visita a continuación; existen 3 métodos de destilados, dende o máis artesán ao máis técnico que xa non conta con man de obra humana. A continuación, o produto obtido almacénase en depósitos. Os residuos son utilizados: os sólidos para produción de aceites e combustible; e os líquidos como abono vexetal. Os seus produtos son a base de licores, pero tamén contan con augardente añejo en barricas de roble americano e francés. Nas instalacións pódese ver un laboratorio, un salón polivalente, e varias pezas de museo. Os reponsables salientan o seu esforzo por conservar a tradición, o arraigo cultural con Galicia, e coa terra de Padrón, facendo homenaxe a Rosalía de Castro cunha placa. E ademais, fabrican o vermú galego Petroni a partir das uvas de albariño de Pazo de Arretén.

Contan con laboratorio, museo e salón de eventos.

Duración: medio día

Días e horarios: Previa reserva

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: Mínimo 10, Máximo 30

Tarifas: 15 euros con cata de viño Pazo de Arretén e Petroni, e desgustación final.

A visita sae do Scala, van a Destilería Compostela, logo a Pazo de Arretén e rematan no Scala cunha cata degustación.

Idiomas: castelán, galego e inglés baixo petición

2.14. Castrobrey

Nome: Visita guiada a viñado, cata degustación

Empresa (nome comercial): Castrobrey

Sector / actividade: Adega

Enderezo: Camanzo s/n

Coordenadas xeográficas: 42.790122 / -8.326878 (Fuente:

Street View)

Teléfono: 637711168 / 606082330

Correo electrónico: ramon.blanco@castrobrey.com

Páxina web: <http://www.castrobrey.com/es/index.html>

Accesos: Bo, en coche e autobús. Perfectamente sinalizado, a 3 minutos de Ponteledesma. Amplo aparcadoiro.

Descrición: Adega familiar fundada no ano 1983 rexentada pola terceira xeración da familia que pertence á D.O Rías Baixas, subzona Ulla. O seu Director Comercial, Ramón, guiará aos visitantes contando a historia da adega. A visita comeza nos viñedos, onde se relatará a singularidade desas cepas e do territorio onde se da este viño da DO Rías Baixas. O visitante valorará eses viños que se producen con nomes de mercado tan singulares como 'Sin Palabras' ou o 'Nice To Meet You'. Tamén se visitará o cuarto de destilados onde se explicará o proceso de elaboración de augardentes, que tamén comercializan. A visita remata cunha cata de viños segundo tempada onde o visitante poderá valorar o viño de primeira man. Conta con venta online dende a súa web: <http://latiendadelabodega.com/catalogo/>

Duración: Duración recomendada: 1h30'

Días e horarios: Previa reserva

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: 25 mínimo

Dende 15€ con cata de viños e botella de regalo



2.15. Fogar do Selmo

Actividade: Aloxamento, restaurante, visitas ó agro con granxa e degustación

Concello: Rois

Empresa (nome comercial): Fogar do Selmo

Sector / actividade: Restauración, turismo rural, agricultura

Enderezo: Casal de Poño s/n Urdilde Rois

Coordenadas xeográficas: 42.8322791,-8.754328

Teléfono: 981805269

Correo electrónico: reservas@fogardoselmo.com

Páxina web: <http://www.fogardoselmo.com>



Accesos: Bo, ben sinalado dende a autovía Santiago - Noia, primeira saída. Cerca da AC-543 Santiago - Noia. Accesible en autobús e coche particular. A 3 minutos de Urdilde.

Descrición: Casa de labranza tradicional galega, no medio dunha aldea e en plena natureza, situada a dous minutos da autovía Santiago – Noia. Como casa rural, conta con 10 cuartos, pero o que máis destaca deste sitio é a súa vinculación coa gastronomía: restaurante onde degustar os mellores produtos da terra que alí mesmo se cultivan e crían; horta ecolóxica e granxa de porco celta e galo de Mos. Durante todo o ano pódese ver a granxa de porcos, e a horta con produtos de tempada. Na casa conservan artellos de labranza restaurados que representan a identidade do lugar e o noso pasado cultural labrego. Moi cerca de muíños restaurados.

Duración da visita: 1 hora aprox.

Días e horarios: Non pecha ningún día.

Reserva previa: Sempre para restaurante e para visitas

Grupo mínimo e máximo: 100 para restaurante. Para visitas: máis de 30 porque se dividen en grupos.

Tarifas: Visita sen degustación: 5 euros; visita con degustación de produtos elaborados na súa casa e viño galego: 12 euros.

2.16. M^a del Carmen Pazos Rabuñal- Agricultura ecolóxica

Actividade: Obradoiros de agricultura ecolóxica e visita ao agro

Concello: Rois

Empresa (nome comercial): M^a del Carmen Pazos Rabuñal



Sector / actividade: Agricultura ecolóxica

Enderezo: Socastro, 11

Coordenadas xeográficas: 42.782165, -8.713216

Teléfono: 630167138

Correo electrónico: carmensocastro@hotmail.com

Accesos: A 20 minutos de AC-30. Coller a rotonda onde o Hotel Scala na N-550 en dirección Rois. Ir como para a Destilería Compostela, e ó pasala, seguir todo recto durante 12 minutos ata chegar a Socastro. Bastante complicado ir en autobús, pero chega. Non hai moito sitio para aparcar.

Descrición: Venda e produción de produtos ecolóxicos. Labrega que no seu día a día, traballa por promocionar o campo galego e a vida na aldea. O seu obxectivo é transmitir esa cultura da agricultura ecolóxica con talleres didácticos.

Días e horarios: Baixo petición.

Reserva previa: Si

Duración: 2 a 4 horas dependendo do obradoiro.

Condicións: Os talleres varían dependendo da época do ano e a meteoroloxía. A duración depende do taller, dende 1 hora a unha tarde ou día enteiro.

Grupo mínimo e máximo: 10 a 20 persoas máximo

Tarifas: 10€

2.17. Fervenza Aventura

Actividade: Granxa Escola

Concello: Silleda

Empresa (nome comercial): Fervenzaventura

Sector / actividade: granxa escola, aloxamento, turismo activo

Enderezo: Reboreda, Abades, 6

Coordenadas xeográficas: 42.759327, -8.304625

Teléfono: 695069933

Correo electrónico: info@fervenzaventura.com

Páxina web: <http://fervenzaventura.com/>



Accesos: Non moi bo, a 20 minutos dende a N-525 en dirección Abades, pero está perfectamente indicado e chégase rápido e perfectamente.

Descrición: Granxa escola onde practicar aventura, educación ambiental, con posibilidade de aloxamento no seu albergue; preto do santuario de Abades. Desenvolven actividades de traballo en equipo que favorecen o desenvolvemento persoal, melloran a autoestima e a independencia. Nas instalacións poden diferenciarse varias zonas: área de turismo activo, área de agroturismo, zona deportiva, e albergue. Contan con salas para talleres, multiusos, invernadoiro, forno, piscina, horta, aula de natureza, campo de fútbol, establo, galiñeiro, coelleira, ovellas e estanque; rocódromo, tirolina, picadeiro e tiro con arco. É a única instalación de Galicia que conta coas autorizacións de albergue turístico rústico, empresa de turismo activo e granxa escola.

Teñen amplo aparcadoiro. Salas para talleres, multiusos, invernadoiro, forno, piscina, horta, aula de natureza, campo de fútbol, establo, galiñeiro, coelleira, ovellas e estanque; rocódromo, tirolina, picadeiro e tiro con arco.

Días e horarios: Non abre todo o ano

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: 20 aloxamento mínimo, 25 actividades mínimo

Condicións: Sen estancia mínima, Sen idade mínima

Tarifas: dende 19 euros

2.18. Santiago mmm...que rico!

Actividade: Xogo-guía para descubrir Santiago e a súa gastronomía'

Concello: Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 51 29

Dirección: Oficina Central de Turismo de Santiago Rúa do Vilar, nº 63

Coordenadas: 42.877918, -8.544986

Web: <http://www.santiagoturismo.com/>

Descrición: 'Santiago mmm... que rico! Xogo-guía para descubrir Santiago e a súa gastronomía'

Con esta divertida guía, planeada a modo de xogo de probas, os pequenos coñecen a cidade de Santiago de Compostela a través da súa gastronomía.

Trátase dunha publicación moi didáctica, que inclúe debuxos para colorear, fotos, planos, espazos para escribir, etc. A realización das probas dá dereito a un pequeno premio sorpresa.

Destinada a rapaces de 8 a 12, ou incluso máis pequenos se contan coa axuda dos maiores da familia.

Dispoñible en galego, español e inglés.

Horario: autorganizada coa guía á venda nas Oficinas de Turismo de Santiago.

Prezo: 4 €



3. MUSEOS E CENTROS DE DIVULGACIÓN/INTERPRETACIÓN

3.1. Museo Municipal "Ramón M^a Aller Ulloa"

Actividade: Visitas guiadas

Concello: Lalín

Empresa (nome comercial): Museo Municipal Ramón María Aller Ulloa

Sector / actividade: Museo

Enderezo: Rúa Ramón Aller nº9 36500 Lalín

Coordenadas xeográficas: 42.661293, -8.113325

Teléfono: 986784004

Correo electrónico a publicar: museo@lalin.org

Páxina web: <http://www.lalin.gal/concellerías/turismo/descubre/museos/museo-municipal-ram%C3%B3n-m%C2%AA-aller-ulloa>



Accesos: Sitúase no centro de Lalín. Non dispón de aparcamento privado. A uns metros atópanse algúns aparcamentos.

Descrición: O museo Municipal Ramón María Aller atópase un edificio do século XIX que pertenceu ao sabio D. Ramón María Aller Ulloa e onde se emprazou o primeiro observatorio astronómico de Galicia. Está adicado aos tres fillos ilustres do concello de Lalín: Ramón Aller, Joaquín Loriga e Laxeiro. Dispón de exposicións permanentes e outras temporais. OFRECE visitas guiadas polas dependencias de todo o museo incluíndo tanto exposicións permanentes como temporais. **Duración:** A duración é de 1 hora.

Días e horarios: De luns a venres de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 horas. Sábados de 11:00 a 14:00 horas.

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: Mínimo 8, máximo 55 persoas.

Tarifas: Gratuíto

3.2. Museo da Marioneta

Actividade: Visitas guiadas

Concello: Lalín

Empresa (nome comercial): Museo da Marioneta.

Sector / actividade: Museo

Enderezo: Liñares – Prado s/n

Coordenadas xeográficas: 42.680025, -8.191681

de Vigo

Teléfono: 986181423

Correo electrónico: museodamarioneta@lalin.org

Páxina web:

<http://www.lalin.gal/concellerías/toorismo/descubre/museos/museo-galego-da-marioneta>

Accesos: A 10 km do centro de Lalín, seguindo pola N-640 e N-525 ata chegar a Prado, onde se debe xirar á esquerda seguindo o sinal indicativo "Gresande/Vilatuxe" tomando a EP-6004 ata o destino. Boa, atópase preto da vila de Lalín con carteis indicativos do Pazo de Liñares. Dispón de aparcamento nas dependencias do pazo con capacidade para coches e autobuses.

Descrición: O Museo Galego da Marioneta atópase situado nas dependencias do Pazo de Liñares, en Lalín. Trátase dunha exposición permanente que se ampla co tempo e presenta unha interesante colección de marionetas co obxecto de fomentar o goce, investigación, estudo e recuperación da arte dos monicreques. O Pazo de Liñares, no que se atopa este museo, é un pazo de estilo barroco do século XVII fundado por Álvaro Núñez Taboada. No seu interior destacan a antesala, biblioteca, expositor de armas e unha pía bautismal románica. No exterior atopamos construcións anexas moi significativas como a capela, dous fornos, alpendre, hórreo e pombal. Foi declarado BIC no ano 2.009. OFRECE visitas guiadas ao Museo da Marioneta e ao Pazo de Liñares, lugar onde se localiza. Obradoiros de construción e manexo de marionetas.

Duración: A duración aproximada das visitas é de 1 hora.

Días e horarios: De luns a domingo de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00h.

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: Mínimo 1, máximo 25.

Tarifas: Gratuíto.



Fonte: Faro

3.3. Casa do Patrón

Actividade: Visita guiada e talleres etnográficos

Concello: Lalín

Empresa (nome comercial): Casa do Patrón

Sector / actividade: Centro Etnográfico

Enderezo: Codeseda nº7 Doade Lalín

Coordenadas xeográficas: 42.606681, -8.142509

Teléfono: 986692203

Correo electrónico: info@casadopatron.com

Páxina web: www.casadopatron.com



Accesos: Sitúase a 8,5 km do centro de Lalín pola PO-534. A pesar de tratarse de estradas secundarias existe sinalización do Centro Etnográfica dende a vila de Lalín. Existe aparcamento nas inmediacións.

Descrición: O Museo Etnográfico Casa do Patrón é un Museo no rural, con máis de 2.000 m2 de exposición distribuídos en tres edificios, un museo etnográfico onde se expón máis de 4.000 pezas recollidas por toda a xeografía galega. Pequenos apeiros dunha gran historia, auténticos símbolos de Galicia dos últimos tres séculos. O Museo etnográfico dispón de trece salas de exposición organizadas por temáticas, onde se poden observar as antigas escolas, pasando polos hábitos de vida dos nosos antepasados, oficios antigos, unha taberna, un forno ou unha forxa tradicional. OFRECE visita guiada polas instalacións do centro etnográfico, coa posibilidade de visualizar un vídeo dos procesos produtivos artesanais. Ademais ofrece os seguintes talleres etnográficos: da elaboración do pan, do queixo, de cesteiría, xogos tradicionais, traballos con barro, tecido manual e reciclaxe de papel. A duración da visita é de 1 hora e 30 minutos, no caso dos talleres a duración será determinada no momento da contratación.

Días e horarios: De luns a domingo a calquera hora previa reserva.

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: Mínimo: As visitas 2, os talleres 15. Sen máximo.

Condicións: Sen condicións.

Tarifas: 2 € por persoa para grupos de menos de 25 persoas. 1 € por persoa para grupos a partir de 25 persoas. Menores de 5 anos gratis. Colexios 1 €

3.4. Museo Terra de Melide

Actividade: Visitas guiadas ó museo. Visitas guiadas ao casco histórico de Melide.

Concello: Melide

Empresa (nome comercial): Museo Terra de Melide

Sector / actividade: Museo

Enderezo: Praza do Convento s/n 15800 Melide

Coordenadas xeográficas: 42.915459, -8.016532

Teléfono: 981507998

Correo electrónico a publicar: museomelide@telefonica.net

Páxina web: www.mtmelide.org



Accesos: No centro da vila. Non dispón de aparcamento pero existen aparcamentos públicos nas proximidades.

Descrición: Antigo Hospital de Peregrinos, fundado por Fernán López e Aldara González no ano 1375. O actual edificio, datado do ano 1502, como se le na inscrición da fachada, que conserva escudos de armas de quen o mandou construír, o conde de Monterrei, don Sancho de Ulloa e Castro, foi rehabilitado para convertelo en sede do Museo Terra de Melide. Construído sobre o Antigo hospital de peregrinos. Trátase dun museo etnográfico e arqueolóxico con interesantes pezas que van dende o Neolítico ata o século XX. OFRECE visita libre ou guiada ao Museo Terra de Melide e visita guiada ao casco histórico da vila de Melide; presentando este último servizo dúas opcións: Visita diúrna ou visita nocturna.

Duración: Visita guiada ao museo: 1 hora. Visita guiada ao casco histórico: 3 horas a visita diúrna e 2 horas a visita nocturna (debido a que nesta última non se visitan interiores).

Días e horarios: Visita libre ao museo: De luns a sábado de 10:30 a 13:30 e de 17:00 a 20:00 horas; domingo de 11:00 a 14:00 horas. Visita guiada ao museo: De martes a venres no mesmo horario que a visita libre. Visita guiada ao casco histórico de Melide soamente se realiza se o tempo acompaña e lévase a cabo nos meses de xullo a novembro no caso da visita diúrna; a visita nocturna realízase soamente no mes de novembro.

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: Mínimo: Visita guiada ao museo 1, visita guiada ao casco histórico: 5. Máximo: Visita guiada ao museo e ao casco histórico 25.

Tarifas: Visita libre e guiada ao museo: Gratuíta. Visita guiada ao casco histórico de Melide: 2 € a pagar soamente a primeira vez que se visita.

3.5. Centro de Divulgación do Cabalo de Pura Raza Galega

Actividade: Visita guiada ao centro e ao Museo do Cabalo Galego. Exhibición de doma de alta escola con Cabalo de Pura Raza Galega.

Concello: Boqueixón

Empresa (nome comercial): Centro de Divulgación do Cabalo de Pura Raza Galega

Sector / actividade: Asociación para a divulgación e posta en valor do cabalo de pura raza galega.

Enderezo: Pazo de Quián s/n Boqueixón

Coordenadas xeográficas: 42.821313, -8.462156

Teléfono: 981511922

Correo electrónico: secretaria@cabalogalego.com

Páxina web: www.cabalogalego.com



Accesos: Situado a 7,7 km de Boqueixón. Accederase dende aquí por DP-1201 ata chegar a AC-960. Nesta vía xirarase á man esquerda e continuarase pola mesma ata chegar ao destino. Trátase de estradas secundarias con sinalización deficiente. Dispón de espazo para aparcar con capacidade para coches e autobuses.

Descrición: O Pazo de Quián é o Centro de Referencia que nace para promover e difundir o cabalo de Pura Raza Galega, obxectivo para o que conta con amplas instalacións onde, ademais de cabaleirizas ou zona de doma, tamén hai espazo para museo e para actividades didácticas. O Centro de Referencia e Mostra do Cabalo de Pura Raza Galega pretende garantir a supervivencia desta variedade equina a través dunhas instalacións que contan con cortes axeitadas para o mantemento de exemplares e para a súa presenza nas diversas disciplinas hípcas. O Centro expón exemplares de raza tanto aos criadores como ao público en xeral e constitúe unha parada pública de sementais particulares tendo en conta a demanda existente dos pertencentes á Pura Raza Galega. As instalacións de Sergude, que tamén son sede da Asociación de Pura Raza de Cabalo Galego e da Escola Oficial de Xuíces, alberga un centro de ensinanzas ecuestres. Tamén se poñen en marcha neste centro programas de mellora xenética de exemplares, así como estudos e proxectos encamiñados á mellora desta raza. Asemade, o centro funciona como lugar de desbrave, doma e posta en práctica de equitación de exemplares destes cabalos. O centro conta cunha zona de descanso para os cabalos, un picadeiro, un camiño exterior e un edificio de oficinas que, entre outros habitáculos, dispón dun laboratorio, salas de cubricións e extraccións, local de almacenaxe de xermoplasma e un museo. Este museo conta con numerosos obxectos entre os que destacan os carruaxes tradicionais galegos. OFRECE visita guiada polas instalacións do Centro do Cabalo Galego, na que se explicará aos visitantes tódalas características desta raza. A continuación, visitarase o Museo do Cabalo de Galicia, composto por unha mostra de gran valor cultural, etnográfica e gandeira dos apeiros, monturas

e carruaxes empregados en Galicia, ao longo dos séculos, para o transporte de persoas e mercadorías.

Para rematar, o visitante asistirá a unha exhibición de doma de alta escola con cabalo Pura Raza Galego

Duración: A duración da actividade é de 1 hora e media.

Días e horarios: De luns a venres de 09:00 a 14:00 horas.

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: Mínimo 20, máximo 500.

Tarifas: Visita ao centro e ao Museo do Cabalo Galego: 5 €. Visita ao centro e ao Museo do Cabalo Galego e exhibición de doma: 8 €. Prezos por persoa.

3.6. Centro de Interpretación do Pico Sacro

Actividade: Visita guiada

Concello: Boqueixón

Empresa (nome comercial): Centro de Interpretación do Pico Sacro

Concello: Boqueixón

Sector / actividade: Centro de Interpretación

Enderezo: Cachosenade s/n Lestedo, Boqueixón

Teléfono a publicar: 981513061

Correo electrónico: boqueixonturismo@gmail.com

Páxina web: www.boqueixon.com

Accesos: Moi próximo O Forte, onde se encadra o centro co concello de Boqueixón. Aínda que se trata de vías de acceso secundarias, existe boa sinalización do centro e lugar de aparcamento.

Descrición: Centro de Interpretación. OFRECE visitas que consisten nunha visita guiada polo centro coas explicacións apoiadas nos paneis ilustrativos que están distribuídos por todo o centro. Explicase a orixe e formación do Pico, lendas, importancia relixiosa, relación coa cultura xacobeá e referencias literarias, etc que se atopan do Pico. Tamén cabe a posibilidade de ver un vídeo sobre o Pico Sacro con contidos similares ós da visita.

Duración: A duración é de 1 hora.

Días e horarios: De luns a venres de 08:00 a 15:00 horas. Os fines de semana baixo reserva.

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: Mínimo 5, sen máximo.

Tarifas: Gratuíto



3.7. Fundación Paco Lareo

Actividade: Museo, visitas

Concello: Vila de Cruces

Empresa (nome comercial): Fundación Paco Lareo.

Sector / actividade: Museo, visitas

Enderezo: Paxariñas, 27B Piloño

Coordenadas xeográficas: 42.798127, -8.259206

Teléfono: 986586006 / 619891743

Correo electrónico: info@asolaina.org

Páxina web: <http://www.asolaina.org> <http://asolaina.blogia.com/>

Accesos: Moi bo, na N-960 en Piloño. Accesible en coche particular e autobús. Amplo aparcadoiro.

Descrición: Esta fundación alberga un museo creado polo artista Francisco Lareo Morao; falecido no ano 2012; a fundación está presidida pola súa irmá Carmen Lareo. O obxectivo do autor, foi crear un espazo de dinamización sociocultural no que recoller una serie de traballos de diversos autores, así como acoller encontros, eventos, presentacións, etc. O espazo está composto por varios elementos arquitectónicos, edificios: a Forxa, a Solaina Vella, a Solaina Nova ou “Sala Laxeiro”, a Sala permanente de Paco Lareo; e un patio exterior cun anfiteatro no que realizar actividades ao aire libre. Realízanse visitas guiadas e cursos de actividades de forxa ou pintura ao longo do ano. Ademais, albérganse exposicións permanentes e temporais; exteriores e interiores. As visitas están dirixidas a persoas individuais, grupos escolares, terceira idade, excursionistas... calquera persoa interesada na cultura do Deza. Cabe salientar que os edificios son dun gran valor artístico e patrimonial: un dos elementos que compoñen o museo é a casa onde naceron que conserva os elementos característicos dunha casa de aldea.

Duración: Duración estimada: 1 hora.

Días e horarios: Martes a domingo de 10:00 a 13:00

Reserva previa: Fóra de horario e para visita guiada a grupos.

Grupo mínimo e máximo: Non

Tarifas: Entrada libre

Idiomas: Castelán, galego e inglés



3.8. Fundación Pública Gallega Camilo José Cela

Actividade: Visita guiada, talleres didácticos, sala de eventos

Concello: Padrón

Empresa (nome comercial): Fundación Pública Gallega Camilo José Cela

Sector / actividade: Visitas

Enderezo: Santa María, 22 Iria Flavia

Coordenadas xeográficas: 42.749141, -8.6531543383362

Teléfono a publicar: 981812425 / 981810348

Correo electrónico: iriaflavia@fundacioncela.com / visitas@fundacioncela.com / camilinhojosesinho@gmail.com

Páxina web: <http://www.fundacioncela.wordpress.com> / <http://camilinojosesino.blogspot.com.es/>

Accesos: Moi bo, na N-550 mesmo en Iria. Accesible en coche particular e autobús

Descrición: A Fundación Pública Galega Camilo José Cela, ten a súa sé nas Casas dos Coengos (s. XVIII), que xunto coa Colexiata de Santa María de Adina, forman parte do conxunto histórico - artístico de Iria Flavia; declarado Ben de Interese Cultural no ano 1975. Estas Casas dos Coengos foron construídas para residencia dos eclesiásticos, e hoxe alberga o museo adicado ao ilustre persoeiro Camilo José Cela; ocupa 5 das 8 casas cun total de 11.000 m2. Consérvanse numerosas referencias á súa vida e obra. Conta con biblioteca, hemeroteca, epistolario, manuscritos, pinacoteca, etc. E tamén legados de outros persoeiros da cultura española da segunda metade do século XX. Salientar, as actividades que se fan dende a Fundación; contan cunha web didáctica dirixida aos nenos <http://camilinojosesino.blogspot.com.es/> e visitas guiadas didácticas especiais ao museo. Ademais, na súa propia web recomendan itinerarios literarios pola contorna do museo. Hai auditorio, centro de investigación, tenda, xardín exterior e alugan espazos para eventos. **Duración:** visitas guiadas 1 hora aproximada.

Días e horarios: Setembro a xuño: martes a sábado de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00. Xullo-agosto: martes a sábado de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00. Visitas guiadas cada hora punta.

Reserva previa: Só para grupos

Grupo mínimo e máximo: non hai porque no caso de ser moitos faise grupos

Tarifas: Xeral: 2,40€, reducida : 1,20€ , consultar colectivos de entrada gratuita



3.9. Casa Museo Rosalía de Castro

Actividade: Visita ao museo

Concello: Padrón

Empresa (nome comercial): Casa Rosalía

Sector / actividade: Casas museo

Enderezo: A Matanza, s/n

Coordenadas xeográficas: 42.738416, -8.651969

Teléfono: 981 811 204

Correo electrónico: fundacion@rosaliadecastro.org

Páxina web: <http://www.rosaliadecastro.org>



Accesos: Boa, a 1 minuto da AC- 242 e do centro de Padrón. Sitio cerca para aparcas coches e autobuses

Descrición: No ano 1947 créase o Patronato Rosalía de Castro, e no 1971 restáurase a casa na que viviu Rosalía de Castro os últimos anos da súa vida; convertida en museo no ano 1972. Neste espazo de casa museo faise un percorrido polos acontecementos que marcaron a vida de Rosalía de Castro. Na planta baixa: a súa vida e o seu entorno. Na primeira planta, hai unha recreación da casa rural da época entre labrega e fidalga. Os xardíns forman parte da Ruta da Camelia. A visita é libre, e dispoñen de audioguías en castelán, galego e inglés. Contan con auditorio.

Días e horarios: Xullo a setembro: martes a sábado de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00. Resto do ano: 10:00 a 13:30 e de 16:00 a 19:00 Luns pechado. Domingos e festivos de 10:00 a 13:30hs.

Reserva previa: para visitas guiada a grupos

Grupo mínimo e máximo: non hai. Consideran grupo a partir de 20 pax.

Condicións: Para visitas escolares maiores a 6 anos, a entrada é de 1 € e profesores de balde. Fan proxección dun vídeo didáctico (o tesouro do moucho) para primeiros cursos de primaria. Para o resto dos cursos inclúe visita guiada a Casa - Museo e un paseo pola horta. Posibilidade de usar o auditorio.

Tarifas:

Individuais 2€

Grupos +20 persoas 1,50€

Colexios (maiores 6 anos) 1€

Colexios (menores 6 anos) 0€

3.10. Mosteiro de Carboeiro

Actividade: Visita didáctica ao Mosteiro de Carboeiro


Concello: Silleda

Teléfono: 986 58 10 28

Dirección: Carboeiro

Coordenadas: 42.7557206,-8.2483549

Web: <http://www.mosteirodecarboeiro.com>



Descrición: Mediante o percorrido guiado os rapaces e as rapazas descubrirán a historia de Carboeiro, os principais elementos escultóricos e arquitectónicos do edificio, a vida cotiá dos monxes na Idade Media, o papel do monacato na nosa historia... Ademais visitanse algúns elementos próximos ao mosteiro como a ponte e o pombeiro. Así coñecerán os sistemas de aproveitamento dos recursos do territorio que practicaban os monxes.

Accesibilidade: Non accesible

Como chegar: Moi boa, a 1 minuto da AC 242

Horarios:

- Martes a venres 11:00-14:00, 16:00-18:00 h.

- Sábados e domingos: 11:00-14:00, 15:00-18:00 h.

Horario de verán

- Martes a venres: 14:00-20:00 h.

- Sábados, domingos e festivos: 12:00-14:00, 15:00-20:00 h.

Grupo mínimo: Non

Grupo máximo: 50

Prezo:

- **Entrada Simple 1€**

Entrada Reducida 0,70€

- **Visita Guiada 3€**

Visita Guiada reducida 2,10€

- **Visita Didáctica 4€**

Visita Didáctica reducida 2,80€

- **Redución:**

Xubilados, nenos entre 6 e 16 anos, estudantes e desempregados

Sen entrada:

Menores de 6 anos

3.11. Cidade da Cultura

Actividade: Visita didáctica para escolares á Cidade da Cultura

Concello: Santiago de Compostela

Teléfono: 881 997 584

Dirección: Lugar de la Ciudad de la Cultura, Santiago de Compostela, 15702

Coordenadas: 42.87088880,-8.52491770

Web: www.cidadedacultura.org

Mail: visitas@cidadedacultura.org

Descrición: A Cidade da Cultura ábrelles as portas do Museo, Arquivo e Biblioteca a todos os cidadáns que desexen coñecer o complexo deseñado por Peter Eisenman.

Os visitantes poderán acceder libremente a estes espazos e percorrer os exteriores da Cidade da Cultura: dende as Torres Hedjuk ata a praza central. Ademais, o complexo do Gaiás dispón de programas de visitas guiadas para coñecer máis de preto os segredos dun proxecto arquitectónico único.

Accesibilidade: Accesible

Horarios:

De martes a venres | Concertar data e hora en visitas@cidadedacultura.org ou no teléfono 881 997 584.



3.12. Tren turístico Santiago

Actividade: Percorrido no tren turístico pola Cidade Histórica

Concello: Santiago de Compostela

Dirección: Saída Praza do Obradoiro

Coordenadas: 42.88065530,-8.54593100

Web: <http://www.santiagoturismo.com/>

Descrición: Un percorrido que vos sorprenderá, percorrendo nun tren turístico a cidade histórica e descubrindo os seus xardíns, con arquitecturas de autor e gozando das vistas panorámicas da zona monumental e da Catedral.

Duración: 45 minutos

Prezo: 4 euros para os nenos con idades comprendidas entre os 4 e os 12 anos, e de 6 euros para os adultos.



3.13. Catedral de Santiago

Actividade: Visitas educativas Catedral de Santiago

Concello: Santiago de Compostela

Dirección: Praza do Obradoiro

Teléfono: 981575609

Coordenadas: 42.88065530,-8.54593100

Web: <http://www.catedraldesantiago.es/>

Mail: archivo@catedraldesantiago.es

Descrición: Entre os servizos do Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago (ABCS), as visitas guiadas convértese nun instrumento de dinamización cultural, de achegamento á sociedade e de formación de usuarios, que pretende dar a coñecer os riquísimos fondos documentais e bibliográficos que custodia (entre os cales destacan o Códice Calixtino, o Tombo A ou o Breviario de Miranda), pero tamén difundir o labor técnico de documentación e conservación levada a cabo no seu interior, así como reafirmar a identidade e a memoria da Igrexa e da sociedade da que forma parte. En suma, cumpre varias funcións: difusión, educativa, cultural, social e pastoral.

Duración: 45 minutos

Accesibilidade: Accesible

Horarios: Consultar dispoñibilidade

Prezo: 3 euros/ persoa



3.14. Museo da pesca-Casa Suárez

Actividade: Visita Guiada ao Museo da Pesca.

Empresa (nome comercial): Casa Suárez - Museo da Pesca

Sector / actividade: Museo e Aloxamento

Enderezo: Ponte de Sarandón 2 San Mamede de Ribadulla, 15885 Vedra

Coordenadas xeográficas: 42.748661, -8.427886

Teléfono: 609068441 / 981512548

Páxina web: www.casasuarez.com



Accesos: A 5,9 km de Vedra. Accederemos pola DP-1202 para continuar despois por CP-9801. Trátase de estradas secundarias que non contan coa suficiente sinalización ata os últimos tramos da ruta, nos se instalaron algúns sinais de "Casa Suárez". Dispón de aparcamento privado con capacidade para coches.

Descrición: Museo da pesca situado na beira do río Ulla, situado nas instalacións dunha antiga Pousada de Pescadores, convertida na actualidade en Casa de Turismo Rural. Os primeiros informes desta casa rural datan de 1.900. OFRECE visita guiada ao museo da pesca, que permite descubrir a historia da pesca a través das técnicas e os aparellos.

Duración: A duración da visita é de 1 hora.

Días e horarios: De luns a domingo a calquera hora baixo reserva.

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: Sen mínimo nin máximo.

Tarifas: Gratuito

3.15. Fundación Neira Vilas

Nome: Visita guiada ás dependencias da Fundación Xosé Neira Vilas (casa natal do escritor reconvertida en Casa-Museo)

Empresa (nome comercial): Fundación Neira Vilas

Sector / actividade: Museos, visitas

Enderezo: Gres, 9A

Coordenadas xeográficas: N 42° 47. 463' – W 8° 20.398'

Teléfono: 986 58 90 26

Correo electrónico: biblioteca@fundacionxoseneiravilas.com

Páxina web: <http://www.fundacionxoseneiravilas.com/portada.php>

Descrición: Casa onde naceu Xosé Neira Vilas. A casa foi restaurada, obra dirixida por César Portela, e alberga un museo etnográfico e unha biblioteca pública cunha sala para nenos e outra para adultos. Hai un anexo con sala de exposicións e concertos.

Días e horarios: De martes a venres de 16:30 a 20:00

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: Non hai mínimo. Máximo: 25 persoas

Tarifas: Gratuito



4. PAZOS E XARDÍNS

4.1. Pazo de Oca

Actividade: Visitas libres aos xardíns e guiadas aos interiores.

Concello: A Estrada

Empresa (nome comercial): Pazo de Oca

Sector / actividade: Pazo con visitas aos xardíns.

Enderezo: Lugar Oca s/n 36685 A Estrada

Coordenadas xeográficas: 42.746676, -8.394738

Teléfono a publicar: 986587435

Correo electrónico: pazodeoca@fundacionmedinaceli.org

Páxina web: <http://www.fundacionmedinaceli.org/monumentos/oca/>



Accesos: A 13,6 km do centro da vila da Estrada, seguindo a N-640 durante 13 km para despois xirar á esquerda seguindo a indicación "Moreira / Berres" pola PO-2017. Existen paneis indicativos. Asemade, o Pazo de Oca dispón de aparcamento privado, con capacidade para coches e autobuses.

Descrición: O Pazo de Oca, situado no concello da Estrada, é un pazo señorial pertencente aos duques de Medinaceli. Tamén é coñecido co sobrenome de "Versalles Galego" debido a gran beleza dos seus xardíns, nos que predomina o estilo francés. Nestes xardíns poden observarse numerosos exemplares de camelias, magnolios, arces e unha avenida de tilos entre outras especies. Dispón tamén de labirintos arbóreos: un de camelias e outro de boj. Os estanques divididos por unha ponte constitúen outro dos grandes atractivos deste xardín, nos que parecen flotar dúas barcas de pedra: Unha delas con pescadores navegando tranquilamente, que representa a paz humana, e a outra chea de feras, representando a maldade e a guerra. OFRECE visita libre aos xardíns con opción de realización dunha visita guiada aos interiores do pazo.

Duración: A duración é de 1 hora a visita libre e de 30 minutos a visita guiada aos interiores.

Días e horarios: Visita libre: De luns a domingo. Visita guiada a interiores: venres, sábados e domingos.

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: Mínimo: 1. Máximo: Visita libre aos xardíns sen máximo, visita guiada aos interiores do pazo 20 persoas.

Tarifas: Visita libre: 6 € por persoa, para grupos menores de 15 persoas. Os grupos de máis de 15 persoas aboarán unha tarifa de 4 € por persoa. Visita guiada interiores: 15 € por persoa. No caso de grupos de

4.2. Pazo de Ribadulla

Actividade: Visitas libres aos xardíns e guiadas aos interiores.

Concello: Vedra

Empresa (nome comercial): Pazo de Ribadulla.

Sector / actividade: Visitas aos xardíns do pazo entre outras actividades (agrogandeiras, etc.)

Enderezo: Ortigueira, Santa Cruz de Ribadulla, 15885 Vedra

Coordenadas xeográficas: 42.772664, -8.426399

Teléfono: 981512011

Correo electrónico: ortigueira.sa@terra.com

Páxina web: www.pazoderivadulla.com



Accesos: Moi próxima á estrada N-525 procedente de Santiago de Compostela e a 8,3 km de Vedra. Accederemos seguindo pola N-525 que provén de Santiago de Compostela para despois xirar á dereita cara a rúa Sol seguindo a indicación "Ponte Sarandón" e "Pazo Sta Cruz". Dispón de aparcamento propio con capacidade para coches e autobuses.

Descrición: Casa Grande en forma de 'L' que sufriu varias modificacións dende o S. XV. Presenta na fachada os escudos da familia Mondragón e na parte de atrás unha balconada. A historia do Pazo empeza coa chegada dun membro da familia para casar cunha Abrales. Un descendente destes, Andrés Ibáñez Mondragón, recibiu o título de Marqués de Santa Cruz de Ribadulla en 1681, de Carlos II. Mención aparte merecen os xardíns con máis de 200 especies de plantas, moitas delas centenarias, estanques, bancos de pedra, . . . así como os camiños das oliveiras en forma de retícula. Neste lugar meditou o gran político Jovellanos e redactou o Memorial en defensa da Xunta Central. Ten como edificio básico un gran corpo rectangular que se une a un largo pasadizo que o enlaza coa igrexa, enfronte do pazo. A casa é barroca; cabe destacar como mellor expoñente artístico do pazo a súa fonte, ostentosamente brasonada, que encaixa entre as edificacións complementarias, xunto ás cuadras e ás vivendas dos caseiros que aparecen unidas á outra beira do patio, quedando a igrexa no centro. Primeiro os Mondragón, xa no S. XVI, enlazados daquel cos Abrales e despois co apelido Armada, que dura aquí, deron vida a esta casa que ten, sen dúbida, un dos seus maiores encantos nas periferias vexetais que a acompañan. OFRECE visita libre ou guiada aos xardíns do pazo.

Duración: A duración da actividade é de 1 hora.

Días e horarios: De luns a domingo

Reserva previa: Si, para visita guiada.

Grupo mínimo e máximo: Sen grupo mínimo nin máximo.

Tarifas: Visita libre: 4 € por persoa. Para grupos pode accederse á entrada grupal de 50 € (a partir de 13 persoas compensaría acollerse á entrada de grupo). Visita guiada: 19 € (15 € por persoa a maiores do prezo da entrada) ou 85 € se se trata dun grupo (35 € a maiores da entrada grupal).

5. ARTESANÍA

5.1. Fernando Porto & Trinidad

Actividade: Visita guiada ao taller desta tenda de artesanía.

Concello: A Estrada

Empresa (nome comercial): Fernando Porto & Trinidad

Sector / actividade: Artesanía

Enderezo: Rúa Iryda 29, A Estrada

Coordenadas xeográficas: 42.689101, -8.486555

Teléfono a publicar: 986570155

Correo electrónico: correo@fernandoporto.com

Páxina web: www.fernandoporto.com

Accesos: Na vila de A Estrada. Non dispón de aparcamento propio pero si existe nas rúas das inmediacións.

Descrición: Fabricación e venta de pezas de artesanía en materiais como cerámica, xoiería e téxtil. Ofrece Visita guiada ao taller de fabricación das pezas artesás de cerámica, xoiería e téxtil que despois se comercializan na tenda.

Duración: 1 hora.

Días e horarios: De luns a domingo a calquera hora con reserva previa.

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: Mínimo 6, máximo 25.

Tarifas: 2 € por persoa



Fonte: Faro de Vigo

5.2. Maysil

Actividade: Visita taller de xoiaría e tenda.

Concello: A Estrada

Empresa (nome comercial): Maysil

Sector / actividade: Artesanía de xoias.

Enderezo: Rúa Padrón, 36680 A Estrada

Coordenadas xeográficas: 42.689043, -8.493510

Teléfono: 986570595

Correo electrónico: correo@maysil.com

Páxina web: www.maysil.com

Accesos: Na vila de A Estrada. Non dispón de aparcamento propio pero si existe nas rúas das inmediacións.

Descrición: Taller e tenda de xoiaría que realizan distintas pezas, incluso a medida. OFRECE Visita guiada ao taller de fabricación de xoiaría para ver todo o proceso de fabricación dende o deseño ata as xoias elaboradas.

Días e horarios: De luns a sábado de 10:00 a 22:00 horas

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: Mínimo 1, máximo 10

Tarifas: Gratuíto.



5.3. Sonia Ares

Actividade: Visita guiada ao taller e obradoiros

Concello: Rois

Empresa (nome comercial): Sonia Ares

Sector / actividade: Artesanía

Enderezo: Liñares, 11- Costa

Coordenadas xeográficas: 42.797074, -8.716532

Teléfono: 981805190 / 654834274

Correo electrónico: info@soniaares.com

Páxina web: <http://www.soniaares.com>

Accesos: a 20 minutos dende a AC-301 (Padrón-Rois-Noia) ou Urdilde. Accesible en autobús e coche particular, inda que en autobús grande, complicado.

Descrición: Artesá que traballa a prata, vidro e esmaltado. Ela mesma diseña, crea, fabrica e comercializa por toda Galicia. Destaca o seu carácter autodidacta que comezou cunha afección. No seu taller de Rois, pódese ver como traballa, visualizando todo o proceso de elaboración das pezas: dende a materia prima, ata a peza final. Realiza talleres didácticos a escolares, e visitas guiadas a todos os públicos no seu taller. Dispón dun vídeo explicativo dos procesos de artesanía. Forma parte de OURIVES de Compostela, e de Artesanía de Galicia.

Días e horarios: Baixo petición, non atende ao público habitualmente

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: 15 (mínimo e máximo) no seu local. Noutros espazos grupos máis amplos.

Duración obradoiro: 45 minutos – 1 hora

Tarifas: 4,00€ adultos e 2,00€ os nenos de ata 16 anos



5.4. Elena Ferro

Actividade: Visita a taller de artesanía e compras

Empresa (nome comercial): Eferro

Sector / actividade: Artesanía

Enderezo: Reboredo, 1 Merza

Coordenadas xeográficas: 42.7665824,-8.2522049

Teléfono: 986583524

Correo electrónico: e.ferro.lamela@gmail.com

Web: <http://www.eferro.com>

Acceso: Boa, na estrada PO- 204 cerca das Minas de Fontao, en Merza ben sinalado.

Descrición: Elena Ferro é a terceira xeración de zoqueiros da súa familia. Na actualidade traballan na elaboración de zoco, mantendo vivo o oficio tradicional cun carácter innovador, adaptando esas pezas aos novos usos e á moda contemporánea. Obtivo premios como o 'Premio Artesanía Contemporánea Antón Fraguas'. Os seus produtos pódense atopar en tendas ou feiras especializadas.

Días e horarios: Sempre baixo petición

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: 30 persoas máximo

Tarifas: De balde



Fonte: Faro de Vigo

6. NATURZA/DEPORTE

6.1. Illas de Gres

Actividade: Paseo guiado

Concello: Boqueixón

Empresa (nome comercial): Illas de Gres

Sector / actividade: Recurso Natural

Enderezo: Gres, Boqueixón

Coordenadas xeográficas:

Teléfono: 981513061

Correo electrónico: boqueixonturismo@gmail.com

Páxina web: www.boqueixon.com



Accesos: Moi próximo O Forte, onde se encadra o centro do concello de Boqueixón. Aínda que se trata de vías de acceso secundarias, existe boa sinalización das illas.

Descrición: Sita na zona sud-este do Municipio, localízase ó pé da ponte románica que atravesa o río Ulla. As catro pequenas illas están unidas por pontes e son de gran beleza paisaxística. A área, baixo grandes carballos, conta con mesas, bancos, asadores de pedra para uso dos visitantes e residentes, así como dunha fermosa estampa fluvial. OFRECE un paseo guiado e con explicacións sobre a historia, arquitectura, etc da Ponte Vella de Ledesma e despois sobre a importancia natural e tradicións relacionadas coas Illas.

Duración: A duración da actividade é de 45 minutos.

Días e horarios: De luns a venres de 08:00 a 15:00 horas. Os fines de semana baixo reserva

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: Mínimo 5, sen máximo.

Tarifas: Gratuito

6.2. Arrepións

Actividade: Turismo activo.

Concello: Padrón

Empresa (nome comercial): Arrepións

Sector / actividade: Turismo activo

Enderezo: A Chan, 36 Barcela 36435 Arbo

Coordenadas xeográficas: 42.0971225,-8.3383155

Teléfono: 986603009 / 608984350

Correo electrónico: aventura@arrepions.com

Páxina web: <http://www.arrepions.com>

Descrición: Foi a primeira empresa de turismo activo de Galicia, coa que se pode facer rafting ou kayak no Río Ulla (Ponteledesma), rafting no Río Deza (Vila de Cruces) ou hidrospeed no Río Ulla (Herbón). Tamén contan con barranquismo, orientación ou sendeirismo con guías.

Días e horarios: Consultar para reserva

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: 5 – 40 pax

Condicións: Idade mínima: 12 anos, saber nada. Grupos de mais de 40 consultar

Tarifas: Dende 17€



6.3. Amextreme

Actividade: Turismo Activo

Concello: Padrón

Empresa (nome comercial): Amextreme

Sector / actividade: Turismo activo

Enderezo: Ribadulla, Carcacía s/n

Coordenadas xeográficas: 42.7532821, -8.608185400

Teléfono a publicar: 656873332

Correo electrónico: info@amextremekayak.com

Páxina web: <http://www.amextremekayak.com>

Descrición: Empresa de turismo activo: rafting, kayak, paintball, puenting, sendeirismo, multiaventura, tiro con arco, hidrospeed, formación de rescate. Forma parte da asociación AGETAN (asociación de turismo activo de Galicia)

Días e horarios: Previa reserva

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: 4 (mínimo) (máximo: depende da actividade)

Tarifas: Dende 15€



6.4. Baudeaventura

Actividade: Turismo Activo

Concello: Padrón

Empresa (nome comercial): Baudeaventura

Sector / actividade: Turismo activo

Enderezo: Ponte Aldea, 257

Coordenadas xeográficas: 42°43'29.7"N / Lon: 8°39'40.9"O

Teléfono a publicar: 630373030

Correo electrónico: info@baudeaaventura.com

Páxina web: <http://baudeaaventura.com/>



Descrición: Empresa de turismo activo, especializada en rafting e quads (rutas). Na súa web pódense consultar información detallada sobre as condicións, tarifas, grupos, etc. Destacar a posibilidade de compra e pago online a través da súa web. Forma parte da asociación AGETAN (asociación de turismo activo de Galicia).

Días e horarios: Previa reserva

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: 2 (mínimo) Máximo non hai

Tarifas: Dende 35€

6.5. Galipark

Actividade: Parque turismo activo, aventura

Concello: Padrón

Empresa (nome comercial): Galipark

Sector / actividade: Turismo activo

Enderezo: Agronovo, 105 Extramundi

Coordenadas xeográficas: 42.757517, -8.668998

Teléfono: 981811708

Correo electrónico: info@galipark.com

Páxina web: <http://www.galipark.com>

Accesos: Moi boa, á beira da AC-301

Descrición: Parque multiaventura en Padrón, con 3 niveis de dificultade, 43 retos, 286 metros de tirolinas e 853 metros de actividades. Pódense facer actividades terrestres (paintball, tiro con arco, rutas de sendeirismo, rutas en quad); acuáticas (kayak, rafting, tirolina en auga, tobogán acuático); aéreas (tirolina, escalada, ponte mono, circuitos en altura...), rocódromo. Ofertan acampada para nenos (idiomas, actividades medioambientais, deporte, multiaventura), campamentos para os adultos acompañantes, fins de semana de aventura, días de aventura, aventuras para familia ou parellas. Organizan eventos, presentación, concursos, etc. Teñen aloxamento para usuarios, cafetería, restaurante, terraza cuberta, salas de eventos e piscina exterior.

Días e horarios: En tempada lectiva abren fins de semana e festivos de 10:00 a 22:00. En tempada non lectiva abren de luns a domingo de 10:00 a 22:00 hs.

Reserva previa: dependendo das actividades si, e tamén en períodos lectivos

Grupo mínimo e máximo: 0 a 128

Condicións: Poden abrir baixo demanda

Tarifas: Ofertan varios paquetes nos que inclúen actividades, comida, visitas culturais dende 20€/pax sen aloxamento. Descontos especiais para grupos dende 5€.



6.6. Río Ulla-Vedra

Actividade: Paseo en pirauga e barcas típicas do Ulla

Concello: Vedra

Teléfono: 981814612

Dirección: Área de Recreo de Agronovo

Coordenadas: 42.75491805,-8.40844095

Web: www.vedraturismo.com



Descrición: Na Área de Recreo de Agronovo (Vedra), a carón do río Ulla, os visitantes dispoñen de piraguas e barcas tradicionais para alugar durante os sábados e domingos pola tarde nos meses de xullo e agosto.

Esta área dispón de servizos como barbacoas, mesas, baños... Está nunha ruta de sendeirismo homologada (San Xoán da Cova) e é unha zona de grande riqueza ambiental e paisaxística.

Horario: Xullo e agosto: Sábados e domingos de 16:00 a 20:00 h

Prezo: 3 € / hora.

6.7. As Verias

Actividade: Roteiros a cabalo pola zona: Castro de Toiriz e Camiño de Santiago entre outras. Exhibición de ponys e cabalos.

Empresa (nome comercial): As Verias

Sector / actividade: Centro ecuestre

Enderezo: Toiriz, s/n

Coordenadas xeográficas: 42.696913, -8.252185 (Fuente: Street View)

Teléfono: 616693177

Correo electrónico: jose@trujillosouto.com

Páxina web: <http://www.asverias.com>

Acceso: Moi bo, a 3 minutos do centro da vila de Silleda e da N-525, xusto pegado ao Castro de Toiriz. Accesible a pé, en coche, e autobús. Non conta con aparcamento propio pero pódese deixar o coche cerca.

Descrición: Centro ecuestre a 2 minutos do centro da vila de Silleda; especializado en roteiros a cabalo pola zona: castro de Toiriz e Camiño de Santiago entre outras. Exhibición de ponys para nenos unha vez á semana, habitualmente os venres pola tarde. Teñen escola de equitación, doma, salón social, fan reportaxes fotográficos, e celebracións de aniversarios.

Días e horarios: Previa reserva porque teñen clientes fixos en horas concretas.

Reserva previa: Si

Grupo mínimo e máximo: Non

Tarifas: Dende 15€ ruta. Pony club: 2,5€ por neno (paseo de ponys para nenos)



7. CAMIÑAR POLA VOSA CONTA

En Área Santiago temos unha serie de Rutas para percorrer a pé ou en bicicleta, para deixarse atrapar pola paisaxe galega máis auténtica, a dos bosques, ríos, prados e aldeas, que levará ata monumentos históricos e naturais, descubren a arquitectura popular da zona e satisfán con pequenas marabillas doutro xeito inaccesibles.

A continuación móstrase unha selección das rutas cuxo nivel de dificultade se adapta ao perfil do turista escolar ou familiar:

7.1. Ruta de Ponte a Ponte

Concello: Touro

Distancia: 9 km

Tempo: 2 h

Dificultade: baixa

Punto de saída e chegada: Ponte Remesquide (Touro) /
Ponte Ledesma (Boqueixón)

Circular: non

Lugar: [Área recreativa de Remesquide](#)

Localización: Remesquide, Ribeira, Touro, 15822

Descrición: A ruta transcorre paralela ao río Ulla no tramo de Rede Natura 2000 que une a Ponte Remesquide (na parroquia de Ribeira, concello de Touro) e a Ponteledesma (no concello de Boqueixón). Trátase dunha ruta lineal que discorre por tres tipos de vías: na súa maioría por sendas de pescadores, algún tramo discorre por un camiño máis ancho e moi pouco por pista ou estrada pouco transitada.



Pasa por tres áreas recreativas ([Remesquide](#), [Souto](#) e [Ponteledesma](#)), dous pequenos núcleos de poboación —Bendaña e Ponteledesma—, un muiño e varias pesqueiras.

No punto de partida hai unha pequena parrillada onde se pode comer ou encargar comida (mellor con aviso previo).

7.2. Ruta Casa do Patrón

Concello: Lalín

Distancia: 4,5 km

Tempo: 2 h

Dificultade: baixa

Punto de saída e chegada: Museo Etnográfico Casa do Patrón

Circular: SI

Lugar: [Museo etnográfico Casa do Patrón](#)

Localización: Codeseda, 7 – Doade, Lalín, 36519

Descrición: Ruta arredor do [Museo Casa do Patrón](#) cun alto interese dende o punto de vista natural, cultural e etnográfico. Pasa por tres áreas recreativas ([Remesquide](#), [Souto](#) e [Ponteledesma](#)), dous pequenos núcleos de poboación —Bendaña e Ponteledesma—, un muíño e varias pesqueiras.

No punto de partida hai unha pequena parrillada onde se pode comer ou encargar comida (mellor con aviso previo).

Ao ser unha ruta circular pódese escoller como punto de partida entre varias posibilidades: o propio Museo etnográfico Casa do Patrón, o Albergue xuvenil Municipal Vicente Agulló ou a ponte do ferrocarril.

Lugares de interese na ruta:

Museo etnográfico Casa do Patrón, muíños fariñeiros, Fonte do Baño, Granxa cinexética da Deputación de Pontevedra, Granxa de vacún, clube de hípica, [Área recreativa de Mouriscade](#), Muíño de Benito, 'O cruceiro', Lugar de San Pedro de [Doade](#), 'Casa do Maestro', Lugar de Taín e O Penedo.

Partindo do mesmo lugar é posible percorrer unha ruta máis longa —denominada [Sendeiro circular de Doade](#)— que transcorre así mesmo por lugares de alto interese cultural e paisaxístico.



7.3. Ruta da Auga de Parada PR-G 124

Concello: Silleda

Distancia: 6,7 km

Tempo: 2 h


Dificultade: baixa

Punto de saída e chegada: muíño de Buxos (parroquia de Parada)

Circular: SI

Lugar: Muíño de Buxos, Parada, Silleda, 36544

Descrición: Trátase dunha ruta marcada pola gran impetuosidade de carballos, castiñeiros e piñeiros ao longo do traxecto permitindo descubrir a diversa fauna que aniña nestas fragas como paporrubios, pegas marzas e rabilongas, bubelas, lagarteiros, mouchos e curuxas. Recoméndase realizar este sendeiro nos meses de primavera nos que o verdor da paisaxe se ve invadido por lirios amarelos en flor que medran ao longo dos regueiros.



Partindo do lugar de Buxos, na parroquia de Parada, dispónse un sendeiro circular no que muíños, fontes e lavadoiros de recente restauración por iniciativa veciñal dan a coñecer a importancia da auga nesta zona, descubríndonos unha flora e fauna propia que dan vida a regueiros, presas e caneiros.

Iníciase en Buxos onde, seguindo o curso dun regueiro descéndese ata chegar á primeira das fontes restauradas, a fonte de Redemuíños. Neste intre o paisaxe tórnase en leiras e prados que desembocarán preto do Muíño dos Herdeiros. O traxecto continúa ata cruzarse coa estrada, de xeito que unha vez superado este cruce, se continúa o camiño ata alcanzar a fonte de Rego do Foxo, seguindo o ascenso acádase o punto máis alto de todo o sendeiro no que, tras atravesar un piñeiral, observaremos unha das formacións arquitectónicas máis popular da apicultura tradicional, unha alvariza.

Seguindo a ruta chégase ata o lugar da Coelleira, iniciando o descenso por un carreiro de gran humidade, marcado por un terreo asolagado que desemboca no lugar de Outeiro, onde se atopará unha nova fonte e lavadoiro de recente restauración. Continuando o traxecto chégase a Parada, onde ademais de admirar a fonte e lavadoiro renovados se pode visitar a igrexa de Santo Tomé de Parada.

Á saída deste núcleo atópanse a poucos metros de distancia a Fonte do Piollo e a Fonte de Fraíz. Seguindo o sendeiro chégase á fonte e lavadoiro do Barro que atopa o punto final do percorrido no muíño e na fonte de Buxos.

Recomendacións: Calzado e roupa cómoda, auga, chubasqueiro e protección solar dependendo do tempo

+ info: www.turismosilleda.es

7.4. Ruta dos muiños

Concello: Oroso

Distancia: 8,1 km

Tempo: 2 h

Dificultade: baixa

Punto de saída e chegada: aldea da Baiuca (parroquia de Senra) / aldea de Gadamil (parroquia de Vilarromarís)

Circular: NON

Lugar: A Baiuca, parroquia de Senra, Oroso, 15688

Descrición: Ruta de interese etnográfico e natural que pemite coñecer varios muiños así como elementos de interese natural, arquitectónico e histórico.

O percorrido comeza na aldea da Baiuca (parroquia de Senra) e remata na aldea de Gadamil (parroquia de Vilarromarís)



7.5. Ruta dos pescadores

Concello: Boqueixón

Distancia: 4,3 km

Tempo: 1 h 30 min

Dificultade: baixa

Punto de saída e chegada: área recreativa de Sucira / ínsuas de Gres

Circular: NON

Lugar: Área recreativa de Sucira, Boqueixón, 36584

Descrición: Saíndo da Área Recreativa de Sucira, percorremos 8,6 km. dun antigo camiño de pescadores situado nunha área paisaxística de especial beleza e importancia natural, posto que este tramo do Ulla pertence á Rede Natura 2000. Ao longo do camiño visitaremos diferentes áreas recreativas, a igrexa de Santa Mariña, Ponte Ledesma e as [ínsuas de Gres](#).



Recomendacións: Levar reserva de auga e avituallamento.

Contacto: 981 513 061 / emprego@boqueixon.com

+info: www.boqueixon.com

7.6. Ruta dos tres ríos

Concello: Touro

Distancia: 10 km

Tempo: 3 h

Dificultade: baixa

Punto de saída e chegada: área recreativa da Santaia / Ponte Basebe

Circular: NON

Lugar: Área recreativa de Sucira, Boqueixón, 36584

Descrición: A Ruta dos Tres Ríos PR-G 121 transcorre a través das parroquias de Touro, Fao, Cornado e Novefontes, todas elas no concello de Touro.



Trátase dun percorrido duns 10 quilómetros, no que destacan varias etapas con paradas importantes:

- [Área Recreativa da Santaia](#): É o punto de partida da ruta e unha zona de descanso e esparexemento destacada, así como todos os seus arredores.
- Muíños da Carballa: Aproximadamente atopámoslos no quilómetro 2 da ruta, tras unha andaina polo monte á beira do río. Estes muíños son moi destacados e foron rehabilitados recentemente.
- [Fervenza do Salto das Pombas](#): Constitúe unha paraxe de incrible beleza, das máis importantes que atopamos no concello, situada aproximadamente no quilómetro 4 da ruta e xa na parroquia de Cornado.
- Ponte da Laña: No quilómetro 8 aproximadamente, onde podemos apreciar a beleza paisaxística que nos ofrece a desembocadura do río Lañas no Ulla.
- Ponte Basebe: A carballeira, as primeiras sobreiras e o remanso de auga do Ulla que atopamos ó finalizar a ruta, constitúe un dos lugares máis destacados.

Destaca a existencia dunha [Área de Servizo de Autocaravanas \(A Praza do Luar\)](#), no núcleo urbano de Fonte Díaz – Touro.

Podes descargar esta ruta no teu móbil a través de www.touroturismo.com.

NOTA: As coordenadas exactas de todas as rutas do concello de Touro pódense consultar na aplicación para móbiles.

+info: www.concellodetouro.com

www.touroturismo.com

www.segatur.com

7.7. Roteiro dos Muíños de Devesacarballa

Concello: A Estrada

Distancia: 1 km

Tempo: 30 min.

Dificultade: baixa

Punto de saída e chegada: Serra do Mestre. Sabucedo

Circular: SI

Lugar:

Parroquia de Sabucedo, A Estrada, 36684



Descrición: Ruta de sendeirismo situada en Sabucedo, ao pé da estrada comarcal PO-7001, cun percorrido de aproximadamente 1 km e unha dificultade baixa. Ideal para dar un paseo polo campo, xunto ao río, e coñecer a actividade que arredor del se desenvolvía nos muíños, gozando da beleza da vexetación, a paisaxe e os caprichos da auga na natureza.

O roteiro comeza fronte ao cruce que dá entrada a Sabucedo, coñecido como "Cruce do Teleclub". Todo o percorrido está sinalizado e é moi fácil de seguir.

+ info: www.turismo.aestrada.com

7.8. Ruta de San Xoán da Cova PR-G 36

Concello: Vedra

Distancia: 11,2 km

Tempo: 3 h

Dificultade: baixa

Punto de saída e chegada: miradoiro de Gundián / área recreativa de Cubelas

Circular: NON

Lugar: [Miradoiro de Gundián](#)

Localización: A Ponte Ulla, Vedra, 15881



Descrición: O inicio da ruta localízase no [miradoiro do Gundián](#), a uns 100 metros sobre o nivel do río, que permite unha visión incomparable do Ulla estreitándose no Paso da Cova, baixo a ponte do ferrocarril, e continuando logo o seu percorrido ata perderse ao lonxe. Dende aquí a ruta baixa, como non podía ser doutro xeito, paralela ao río e cruza o lugar da Ponte Ulla. A pouca distancia atopamos no noso camiño un muíño de singulares características, o muíño de Reboredo, provisto de cinco moas: unha para o xofre, unha albeira só para trigo, e outras tres para outros cereais.

A seguinte parada será na [área de recreo de Agronovo](#), en terras de Santa Cruz de Ribadulla, onde poderemos descansar un anaco para repoñer forzas. Durante as fins de semana de xullo e agosto é posible [alugar unha piragua ou unha barca típica do Ulla](#) para dar un paseo polo río. Continuamos outro pouco ata chegar á [área de recreo do Coto de Ximonde](#), en San Miguel de Sarandón, un dos cotos de salmón máis importantes de Galicia, convertido hoxe nunha estación ictiolóxica de cría e reprodución. Máis adiante agárdanos a [área de recreo de Cubelas](#), en San Pedro de Sarandón, que pon o punto e final a este fermoso percorrido polo Ulla.

+info:

www.concellodevedra.com

www.vedraturismo.com

.

7.9. Senda botánica de Carboeiro

Concello: Silleda

Distancia: 1 km

Tempo: 30 min

Dificultade: baixa

Punto de saída e chegada: mosteiro de Carboeiro

Circular: SI

Lugar: [Mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro](#)

Localización: Carboeiro, Silleda, 36546



Descrición: O [Mosteiro de Carboeiro](#) constitúe un espazo de alto valor paisaxístico, xa que forma parte do Sistema fluvial Ulla-Deza, que está dentro do proxecto Rede Natura 2000, coma un Lugar de Importancia Comunitaria (LIC). A diversidade florística da contorna permite a creación desta senda botánica, coa finalidade de gozar da paraxe natural e coñecer os compoñentes da mesma a través do seu uso ao longo da historia deste mosteiro.

O trazado percorre os arredores do cenobio, o que permite contemplar, ademais deste entorno natural, as construcións empregadas polos monxes na súa vida cotiá. Para iso realízase un vieiro circular, de dificultade baixa, que comeza na parte posterior das dependencias monacais, preto do pombal, continúa o seu paso polo muíño e remata no punto de partida.

As carballeiras (*Quercus* spp) constitúen o prototipo de bosque caducifolio de Galicia, mais dificilmente se atopan puras. O máis frecuente é que convivan con bidueiros (*Betula alba*), castiñeiros (*Castanea sativa*), pradairos (*Acer pseudoplatanus*), freixos (*Fraxinus excelsior*), abeleiras (*Corylus avellana*) e salgueiros (*Salix atrocinerea*). Neste aspecto, Carboeiro, bañado polo río Deza, representa este bosque mixto ou fraga como formación forestal autóctona máis xenuína.

Sen embargo si marca unha influencia climática mediterránea, o que favorece a presenza de especies coma a sobreira (*Quercus suber*) e o érbedo (*Arbutus unedo*), ou de especies coma o loureiro (*Laurus nobilis*).

Entre as plantas comúns do sotobosque destacan o sanguíño (*Frangula alnus*), xilbarbeira (*Ruscus aculeatus*), hedra (*Hedera helix*), espiño (*Crataegus monogyna*), fento real (*Osmunda regalis*), dentabrún (*Dryopteris filix-mas*) ou fento femia (*Athyrium filix-femina*).

7.10. Senda fluvial botánica do Río Mera

Concello: O Pino

Distancia: 4,3 km

Tempo: 1 h

Dificultade: baixa

Punto de saída e chegada: praia fluvial da Tarroeira / igrexa parroquial de Gonzar

Circular: NON

Lugar: [Praia fluvial da Tarroeira](#)

Localización: A Tarroeira, O Pino, 15823



Descrición: A Senda fluvial e botánica do río Mera discorre polas marxes do río Mera dende o lugar da [praia fluvial de A Tarroeira](#), onde se une co río Tambre, ata a [igrexa de Gonzar](#).

A senda divídese en dous tramos. O primeiro tramo vai dende a praia fluvial de A Tarroeira ata a Ponte Puñide, onde se atopa a coñecida ponte romana de Ponte Puñide e o afamado [Muíño de Pena](#). O segundo tramo vai dende a Ponte Puñide ata a igrexa parroquial de Gonzar. Todo un paseo ao longo do río Mera para aqueles amantes do patrimonio natural e cultural, que ademais de gozar da senda botánica, pretendan facer un pequeno percorrido a maiores para visitar a igrexa de Gonzar.

Cada unha das especies naturais está debidamente sinalizada a través de identificadores de vexetación, nos que se explica o nome da planta ou árbore correspondente xunto cunha pequena información das características da mesma.

+ info: www.patrimoniodeopino.es

7.11. Sendeiro circular de Doade

Concello: Lalín

Distancia: 9 km

Tempo: 2 h

Dificultade: baixa

Punto de saída e chegada: San Pedro de Doade, Lalín, 36515

Circular: SI



Descrición: Sendeiro duns 9 kilómetros de lonxitude que atravesa a aldea rehabilitada de Doade. Ao longo desta ruta pódense ver muíños, fontes, camiños rurais e un castro, entre outros elementos de interese. O sendeiro é de dificultade baixa e pódese percorrer en bicicleta, a pé ou en cabalo. A pé son necesarias unhas 2 horas para completalo.

Este sendeiro discorre por varias aldeas da parroquia de Doade e de Lebozán como son Os Muíños, Carracedo, A Lama, O Penedo e tamén a aldea de Codeseda, onde está situado o [Museo Etnográfico Casa do Patrón](#), lugar de onde parte este sendeiro.

Partindo do mesmo lugar é posible percorrer unha ruta máis curta —denominada [Ruta Museo Casa do Patrón](#)— que transcorre así mesmo por lugares de alto interese cultural e paisaxístico.

Podes ver un mapa da ruta [AQUÍ](#)

7.12. Sendeiro da Fervenza de Férveda

Concello: Silleda

Distancia: 2,7 km

Tempo: 1 h

Dificultade: baixa, agás nos últimos 200 metros de ascenso ata a o pé da fervenza

Punto de saída e chegada: muíño de Varela (parroquia de Escuadro) / fervenza de Férveda

Circular: NON

Localización: Escuadro, Silleda, 36547



Descrición: Sendeiro de tipo lineal.

Salto de aproximadamente 15,70 metros de altura, máis outro pequeno que parte da poza ou mergulleira de 4,80 metros, situado no curso alto do río Férveda-Escuadro, afluente do Toxa, no lugar de Férveda, facendo linde coas parroquias de Escuadro e Xestoso. Forma parte do proxecto europeo Rede Natura 2000 denominado [Brañas de Xestoso](#), como Lugar de Importancia Comunitaria.

Flora:

Bosque de ribeira con árbores autóctonas como carballos, castiñeiros, amieiros, bidueiros, salgueiros e freixos, acivros, loureiros, silvarveiras, fentos real e heterófilos.

Fauna:

Falcóns e os corvos. Lavandeiras, gorrións e anduriñas. Xabarín e rato silvestre. Troita común tramo alto. Libélulas.

Etnografía:

- Lavadoiro comunitario do ano 1952

- Muíños de rodicio coñecidos como: De Herdeiros, de Bataneiro, de Outeiro, das Carballeiras, da Regueira e de Varela.

Recomendacións: Calzado e roupa cómoda, auga (non hai fontes), chubasqueiro e protección solar dependendo do tempo

Como chegar

O sendeiro está situado na parroquia de Escuadro (Silleda). Accédese tanto desde a N. 525 en Silleda, como desde a N. 640 en Senra vía Cascaxide. Como referencia, o punto de encontro estaría situado na igrexa parroquial de S. Salvador, e dende alí ao coñecido coma o Muíño de Varela.

7.13. Sendeiro do Deza

Concello: Silleda

Distancia: 6 km

Tempo: 2 h

Dificultade: baixa

Punto de saída e chegada: Fervenza do Toxa / Mosteiro de Carboeiro

Circular: NON

Lugar: [Fervenza do Toxa](#)

Localización: Pazos, Silleda



Descrición: O Sendeiro do Deza é un percorrido de tipo lineal, de ida e volta polo mesmo trazado que une tres lugares emblemáticos da Comarca de Deza: a [Fervenza do Toxa](#), a [Praia Fluvial da Carixa](#) e o [Mosteiro de Carboeiro](#).

Características:

O Sendeiro do Deza ten a consideración de Pequeno Percorrido (PRG 18) e conta cunha sinalización para indicar o camiño correcto. Pódese comezar en calquera dos puntos pois hai espazo para deixar aparcados os vehículos.

Ten unha lonxitude duns 6 Km. onde, logo de contemplar dende os miradoiros a Fervenza do Toxa, de máis de 70 m. de salto, descendemos cara ao pé da mesma para acompañar ao Toxa nos últimos metros ata que desemboca no Deza. Crúzase este río por unha ponte de ferro para acadar a ermida de San Paio e posteriormente a localidade de Merza. Continúase ata a praia fluvial de A Carixa, e despois dunha subida de certa dificultade, desvíamonos á dereita polo lugar de A Portela, aínda que poderíamos acurtar o percorrido se continuamos estrada arriba cara ao balneario Baños da Brea para enlazar polo antigo camiño que levaba a Carboeiro.

Unha vez chegados ao lugar de A Portela, seguímolo camiño paralelo ao río, segundo a sinalización marcada, ata atopar a calzada medieval que cruzará a antiga ponte medieval, reconstruída varias veces, tamén chamada Ponte do Demo, e que definitivamente nos conducirá ao cenobio beneditino de San Lourenzo de Carboeiro, fundado no século X, considerado como a mellor mostra galega de estilo románico de transición, tamén denominado románico oxival. A ruta tamén se pode iniciar no Mosteiro, coa vantaxe de ter os vehículos máis controlados.

Como chegar

Accédese ao comezo da ruta dende a vila de A Bandeira, situada na estrada N-525, que une Ourense con Santiago de Compostela. Logo, dende A Bandeira, hai que dirixirse á parroquia de Pazos pola estrada PO-204 que vai a Merza e Vila de Cruces.

+info: www.turismosilleda.es

8. LUGARES RECOMENDADOS PARA PICNIC

En Área Santiago temos seleccionadas unha serie de áreas de recreo e praias fluviais, situadas en paraxes singulares, moitas delas xunto a ríos e praias fluviais, que ofrecen unha magnífica oportunidade de gozar da verde paisaxe galega e ao mesmo tempo comer e relaxarse en familia, con amigos ou con compañeiros de excursión.

8.1. Área de Recreo de Agronovo

Concello: Vedra

Descrición. A Área de Recreo de Agronovo atópase ao pé do río Ulla. Polas súas inmediacións transcorre a [ruta de sendeirismo de San Xoán da Cova](#). Está dotada de zona de baño, mesas e bancos, servizos, espazo acondicionado para barbacoa...

Durante os meses de xullo e agosto, os sábados e domingos en horario de 16:00 a 20:00 h. dispón dun [servizo de aluguer de piraguas e barcas](#) do Ulla.

Aluguer piraguas e barcas tempada 2015: Sábados e domingos de 16:00 a 20:00 h. 3 € / hora. O segundo domingo de xullo, celébrase neste lugar o [Concurso de Pesca do Escalo](#), un evento que conta cunha ampla programación festiva.

+info: www.concellodevedra.com

Localización: Agronovo, Vedra



8.2. Área de Recreo de Cubelas

Concello: Vedra

Descrición. A Área de Recreo de Cubelas atópase ao pé do río Ulla, a uns 300 metros do [Coto de Ximonde](#). É o punto de inicio e de remate da [ruta de sendeirismo de San Xoán da Cova](#).

Esta área está dotada de mesas e bancos. Ademais conta cun pequeno xardín botánico onde están representadas as especies da flora de ribeira do Sistema Fluvial Ulla-Deza da Rede Natura 2000.

+info: www.concellodevedra.com

Localización: Cubelas, Vedra, 36685



8.3. Área de Recreo de Campo Gundián

Concello: Vedra

Descrición: A Área de Recreo do Campo de Gundián está constituída polo conxunto singular que conforman a capela, a fonte, o palco da música, as mesas e bancos e as vistas ao río Ulla, así como a antiga Ponte de Gundián e a moderna do AVE, que permiten gozar deste magnífico contorno natural.



O espazo onde se sitúa esta área ten a particularidade de ser o único terreo ao sur do río Ulla que pertence á provincia da Coruña. Neste lugar celébrase o día 7 de setembro a famosa festa da procesión de [Nosa Señora de Gundián](#), na que trasladan á Virxe desde o pobo acompañada dunha gran tirada de fogos de artifício.

Nas proximidades atópase así mesmo o [Miradoiro de Gundián](#), que ofrece unhas magníficas vistas de toda a zona.

+info: www.concellodevedra.com


Localización: Noveledo 1, Vedra, 15881

8.4. Área recreativa da Madalena

Concello: O Pino

Descrición: Esta área recreativa atópase na parroquia de Castrofeito, no entorno da Capela da Magdalena, e conta cunha espectacular masa de carballos de gran porte que é o escenario da Romaría da Magdalena que se celebra o 22 de xullo.

Está dotada de mesas e bancos, ademais de contar cunha pequena lagoa na que ten lugar o concurso anual de pesca infantil.



+ info: www.patrimoniodeopino.es

Localización: Castrofeito, O Pino, 15821

8.5. Área recreativa da Saleta

Concello: Silleda

Descrición: Esta área de lecer está encravada na parroquia de Siador, parroquia que figura co nome de Senator e Seador en varios documentos medievais. Da súa antigüidade dan boa conta O Castro do Marco e o de Cartimil, as mámoas de Montedas e Gandaracha e sobre todo os petroglifos da Peneda do Encanto coas lendas cargadas de fantasía, de galiñas e pitos de ouro.



Na mesma contorna está o primeiro Santuario de España (1863) de advocación mariana na honra da Nosa Señora da Virxe da Saleta, que todos os anos, cada 18 e 19 de setembro, convoca a milleiros de peregrinos.

Outros elementos que forman parte deste conxunto e que merecen mención son o Centro Espiritual saletino, rexentado por misioneiros da orde e no que se profunda sobre o fenómeno mariano, un camping, carballeiras centenarias e o Pazo de Sestelo dos Rivas (s. XVIII), que promoveron a construción deste santuario.

Moi preto, en Penadagra, tamén merece unha visita a [Sobreira de Siador](#), un exemplar de máis de 500 anos inscrito no catálogo de Árbores Singulares de Galicia desde 2009. Completan a visita o Cruceiro de Lázara no lugar de Siador e o Peto de Ánimas do Marco, de 1868.

Nas proximidades hai ademais unha ruta de sendeirismo coñecida como Sendeiro da Saleta.

Como chegar

Dende Silleda, fronte á igrexa de Santa Olaia, saída con dirección a Siador pola Avda. do Parque.

+info: www.turismosilleda.es

Localización: A Saleta, Silleda, 36547

8.6. Área recreativa da Santaia

Concello: Touro

Descrición: A área recreativa da Santaia localízase na parroquia de Touro, no lugar do mesmo nome. Conta con equipamento como iluminación, bancos, mesas, barbacoas e un fantástico paseo fluvial que percorre a ribeira do río e que o atravesa mediante unha ponte, para poder acceder a un pequeno illote no medio do río. Tamén conta cunha pequena ferverza e un muíño, así como unha ampla extensión de carballeira e bosque de ribeira.



Ideal como zona de recreo e pesca.

Esta área constitúe o punto de partida da [Ruta de los Tres Ríos PR-Gr 121](#). Atópase relativamente próxima ao núcleo de Fonte Díaz e á [área de servizo para autocaravanas 'A Praza do Luar'](#).

Como chegar

A ela pódese acceder, dende Touro, a través da AC-240, pasando pola aldea de A Santaia e collendo o primeiro desvío a man dereita (AC 0605) dirección Andeade e Calvos.

A accesibilidade que presenta é moi boa e o recurso é visible dende a estrada. Pódese chegar en coche e tamén existe un amplo espazo onde poder aparcar os vehículos.

NOTA: As coordenadas exactas de todas as áreas recreativas do concello de Touro pódense consultar na aplicación para móbiles

+info: touroturismo.com

Localización: A Santaia, Touro, 15822

8.7. Área recreativa das Pedrosas

Concello: Silleda

Descrición: Espazo de paseo e descanso na única carballeira de propiedade municipal, inaugurada no ano 2006, situada na mesma vila de Silleda e integrada por 264 árbores perfectamente aliñadas, entre as que destacan os carballos e en menor medida, os bidueiros. Espazo aberto, visitable todo o ano e gratuito, ideal para pasear coa familia e cos animais.



Conta cunha superficie de 20.430 metros cadrados, dos que 722 pertencen a vías peonís ou pequeno sendeiro circular. Un total de 670 metros cadrados están ocupados por espazos de xogo, distribuídos en lugares de espaxamento familiares, cun parque infantil, un parque biosaudable de dez elementos, de moito predicamento por persoas con problemas cardiovasculares e sometidas a dietas de adelgazamento, e unha cancha polideportiva para practicar baloncesto e fútbol sala.

Ademais dispón dunha fonte de pedra con auga potable e un circuíto circular para practicar footing e sendeirismo.

Dende o ano 2012 converteuse no escenario para a realización do Día da Música organizado pola Escola Municipal de Música de Silleda con asistencia de milleiros de persoas.

Localización: As Pedrosas, Silleda, 36540

8.8. Área recreativa de Bembibre

Concello: Val do Dubra

Descrición: O concello de Val do Dubra conta cunha área recreativa no lugar de Bembibre, situada nas marxes do río Dubra, que proporciona un espazo natural moi atractivo e dotado de numerosos servizos: piscina cos seus servizos de ducha, aseos e vestiarios, parque infantil, unha área de descanso con bancos e xardíns, unha zona de merendeiro con barbacoas para poder cociñar, camiños de paseo pavimentados, un muíño restaurado, un estanque e unha extensa plantación de árbores que actualmente están catalogadas.



+info: www.valdodubra.es

Localización: Rúa Médico José Antelo , Val do Dubra, 15873

8.9. Área recreativa de Brandelos

Concello: Touro

Descrición: A Área recreativa de Brandelos localízase na parroquia de Prevediños. A zona conta cunha fonte de augas sulfurosas, instalacións con aseos e unha capela. Dispón de servizos para o esparexemento como barbacoas, bancos, mesas ou papeleiras.



A accesibilidade que presenta é moi boa. Conta cun amplo sitio para aparcar os vehículos, unha boa accesibilidade e axeitada iluminación. A área é visible dende a propia estrada.

Como chegar

Pódese acceder a ela dende Touro a través da AC-240 que percorre o concello de leste a oeste. Pásase polas parroquias de Touro, Loxo, Bama, Fonte Rosas e Prevediños. Unha vez nesta última parroquia, séguese a estrada ata atopala a man dereita.

NOTA: As coordenadas exactas de todas as áreas recreativas do concello de Touro pódense consultar na aplicación para móbiles.


+info: www.touroturismo.com

Localización: Prevediños, Touro, 15822

8.10. Área recreativa de Foxás-Grixó

Concello: Touro

Descrición: A área recreativa de Foxás-Grixó localízase na parroquia de Foxás, na aldea de A Obra (lugar de Grixó). Sitúase preto do río Ulla, concretamente na súa marxe dereita, nun paraxe que destaca pola variedade de vexetación que alberga, podendo destacar especies como as típicas de ribeira ou o carballo, que se mesturan con outras especies non tan propias deste entorno.



A área está acondicionada con bancos, mesas, barbacoas, papeleiras e un vello muíño restaurado. Resulta ideal como zona de recreo e de pesca.

A súa accesibilidade é moi boa, podendo chegar ata ela utilizando o coche ou ben a pé. Presenta unhas boas infraestruturas de accesibilidade e acondicionamentos. Está relativamente cerca do núcleo de Fonte Díaz e da [área de servizo para autocaravanas 'A Praza do Luar'](#).

NOTA: As coordenadas exactas de todas as áreas recreativas do concello de Touro pódense consultar na aplicación para móbiles.

+info: touroturismo.com

Localización: Prevediños, Touro, 15822

8.11. Área recreativa da Desembocadura Sar-Ulla

Concello: Padrón

Descrición: Para chegar á área recreativa da Desembocadura do Sar no río Ulla temos que seguir o cauce do río Sar na súa marxe esquerda, onde veremos unha senda peonil e carril bici.



Perorreremos 2 quilómetros desde o centro da vila de Padrón e alí atoparemos unha contorna incomparable para o descanso e entretemento, xa que dispón dunha zona acondicionada con mesas, fontes, parque infantil, zona de aparcamento... apta para o goce en familia ou con amigos.

+info: www.terrasdeiria.com

Localización: Desembocadura Sar-Ulla s/n , Padrón, 1500

8.12. Área recreativa de Penateixa

Concello: Oroso

Descrición: Área recreativa formada por un espazo aberto delimitado por ringleiras de amieiros e de carballos.



Servizos:

- Superficie: 0'9 hectáreas
- 6 mesas familiares
- Varios contedores de lixo
- Ampla zona de aparcadoiro
- 1 mesón privado: aberto todo o ano

Localización: A Penateixa, Oroso, 15688

8.13. Área recreativa de Remesquide

Concello: Touro

Descrición: Localízase na parroquia de Ribeira, na aldea de Remesquide e no lugar do mesmo nome. Zona ideal de pesca onde a ponte de Remesquide une ambas marxes do Ulla nos concello de Touro e Vila de Cruces.



A Área Recreativa de Remesquide sitúase na marxe dereita do río Ulla, e presenta unhas características físicas e paisaxísticas que favorecen as actividades de lecer. Está acondicionada cun paseo fluvial, merendeiros, barbacoas, bancos e outro tipo de infraestruturas para uso e goce dos seus visitantes. Conta con servizo de bar e restaurante no Restaurante Remesquide, no que se poden degustar troitas por encargo.

Presenta unhas boas infraestruturas en canto á accesibilidade e acondicionamentos.

Como chegar

A ela pódese acceder, desde Touro, a través da estrada de Fao. Unha vez se chega ao cruce de Fao, débese coller a carretera a man dereita, que leva directamente á parroquia de Ribeira.

Nesta parroquia hai que atravesar as aldeas de San Pedro e Muíños, chegando xa, sen desviarse da carretera, á aldea de Remesquide, e coller a pista que baixa ó río, onde se atopa a área recreativa.

NOTA: As coordenadas exactas de todas as áreas recreativas do concello de Touro pódense consultar na aplicación para móbiles.

+info: touroturismo.com

Localización: Remesquide, Ribeira, Touro, 15822

8.14. Área recreativa de Ribadiso

Concello: Arzúa

Descrición: A área recreativa de Ribadiso conta con diversas zonas de espaxamento: un merendeiro e barbacoas, pistas polideportivas, un bar e un parque infantil. O grande número de pontellas que cruzan por riba do río Iso crean unha fermosa paisaxe.



A [praia fluvial](#) desta área recreativa é un dos puntos de referencia incluídos dentro da Ruta “Val do Iso” promovida polo Concello de Arzúa.

+info: turismo.concellodearzua.com

Localización: Ribadiso, Arzúa, 15819

8.15. Área recreativa de Santiaguiño do Monte

Concello: Padrón

Descrición: Para chegar á área recreativa de Santiaguiño do Monte de Padrón temos dúas opcións. A primeira delas é ir a pé, a través dunha escaleira de 132 chanzos que nacen moi preto do Convento do Carme. A segunda posibilidade é chegar en coche, collendo a AC 299 dirección a Rois, desviándonos á man esquerda a uns 300 metros da ponte de Santiago. Alí encontraremos unha contorna incomparable para o descanso e entretemento, xa que dispón dunha zona acondicionada con mesas, grellas, fontes e parque infantil apta para o goce en familia ou con amigos.



Na área ubícase a ermida do Santiaguiño. Descoñécese a data na que se erixiu, pero sábese que no século XV Rodrigo de Luna impulsa a súa reconstrución.

INTERIOR DA ERMIDA

Neste lugar está o sepulcro do cóengo Gregorio, probablemente o construtor do templo, pois a partir do S. XV o monte do Burgo comezou a denominarse monte de San Gregorio, en honor ao cóengo de Iria que reconstruíu a ermida cos seus propios fondos e edificou casas para familias pobres, aínda que non chegou a ver o seu proxecto. Ata a remodelación do templo, en 1.960, o sepulcro situábase no centro da ermida.

FONTE

Este lugar identificouse coa gruta na que se escondía o Apóstolo Santiago e dende o S.XV vincúlase co perdón dos pecados. Era o lugar onde bebían e se lavaban os peregrinos que se aproximaban ao territorio en que o Apóstolo predicou hai case 2000 anos.

A tradición popular transmitiu a crenza de que a fonte era froito dun milagre do Apóstolo, quen fixo xermolar auga da rocha ao golpeala 3 veces co seu báculo para apagar a sede dunha xentil muller.

Actualmente mantense o rito de recoller a súa auga na véspera de San Xoán para que, mesturada coas herbas, purifique e libre dos malos espíritos.

AS ROCHAS

No centro do conxunto dos 10 grandes batólitos, destaca a figura de Santiago sobre unha peaña. Diante hai unhas cruces gravadas e unha inscrición que reza, segundo algúns, “Esmola para Santiago Maior Apóstolo” e, segundo outros, “Esmola para Xesús e María”. En todo caso, ao lado desta debeu de existir un peto.

Na rocha superior pódese observar unha cruz pétrea que xa existía no S. XVII.

No S. XVI, os peregrinos subían ás rochas de xeonllos rezando en cada un dos chanzos e remataban o rito pasando a través deles. A crenza popular asegura que se non se percorren de vivo, hase facer de morto. Ademais, cada un dos tres ocos recibe un nome: inferno, ceo e purgatorio.

A tradición popular atribúelle estes buratos ao Apóstolo para librarse dos seus perseguidores, asegurando que a pedra cedeu para que Santiago puidese agochar nela a súa cabeza e o seu brazo dereito. Pero tamén hai quen afirma que se trata das pegadas do seu cabalo.

+info: www.terrasdeiria.com

Localización: Aldea Extramundi de Arriba , Padrón, 15910

8.16. Área recreativa do areal de Berres

Concello: A Estrada

Descrición: Situada na parroquia de Berres, encóntrase unha área de recreo onde se pode pasar un día de ocio e descanso en compañía de grandes e pequenos, gozando dun baño na súa praia fluvial.

Na [noite de San Xoán](#) celébrase unha vistosa festa que cada ano atrae centenaes de persoas que degustan sardiñas e polbo, saltan a cacharela e escoitan música folk e rock nun bucólico ámbito.

+info: www.turismo.aestrada.com



Fotos: Concello de A Estrada, Aroa Martínez.

Máis galería de fotos do Areal de Berres premendo [AQUÍ](#)

Localización: Berres, A Estrada, 36688

8.17. Área recreativa do Xirimbao

Concello: A Estrada

Descrición: A Ponte Colgante de Xirimbao está situada no couto que leva o seu nome, un couto pesqueiro bañado polo río Ulla, que deixa belas estampas ao seu paso. A Ponte Colgante une os concellos de A Estrada e Teo e sitúase na parroquia de Couso, a uns 8 km da Estrada.



Entre A Estrada e Padrón, acouta o río Ulla durante 0,5 km. O límite inferior está a 100 metros abaixo da Pedra de Fernández e o límite superior é A Presa. Neste lugar celébrase a festa do Escalo, o primeiro domingo de agosto. Destaca nesta paraxe a súa ponte colgante metálica, coñecida coma O Xirimbao, actualmente rehabilitada.

+info: www.turismo.aestrada.com

Localización: Couto de Couso, A Estrada, 36683

8.18. Área recreativa Entre Os Ríos

Concello: Lalín

Descrición: O [Museo Etnográfico Casa do Patrón](#) conta cun espazo natural na beira do río Asneiro con área recreativa, onde é posible pasar un momento agradable á sombra da rica e variada flora, e ao mesmo tempo tomar o sol ou gozar dunha comida en familia ou con amigos nas mesas de madeira e pedra.



O entorno deste complexo localízase a través do coto pesqueiro, outra opción de ocio do mundo rural. A época de pesca comeza a mediados de marzo e prolóngase ata mediados de agosto, sendo as especies máis importantes a troita, o escalo e a anguía.

O espazo biosaudable conta con dous muíños de auga, chamados o Muíño da Ponte e o Muíño Entre Ríos, ambos totalmente restaurados e en funcionamento, un espectáculo que merece a pena ser contemplado.

Localización: Muíños, 6, Lalín, 36515

8.19. Área recreativa Illa do Refuxio

Concello: Oroso

Descrición: Paraxe natural formada por unha ínsua situada no medio do río Tambre. Na parte norte conta cunha [pequena praia fluvial](#). A súa superficie está cuberta de carballos e rodeada de amieiros e salgueiros. Dúas pasarelas de cemento dan acceso á insua.



Servizos:

- Superficie: 0'6 hectáreas
- 9 mesas familiares, 1 gran grella e 2 pequenas
- 1 fonte
- Varios contedores de lixo
- Ampla zona de aparcadoiro
- 1 mesón privado: aberto os meses de verán

Agradecementos: Pepe López (Jolope), fotógrafo

Localización: Sigüeiro, Oroso, 15888

8.20. Carballeira de Rodo

Concello: Lalín

Descrición: A Carballeira do Rodo dispón de varias áreas de lecer situadas en diversos puntos. Conta cun parque infantil para o divertimento dos máis pequenos, un parque biosaudable para os maiores e un merendeiro.

Na zona máis próxima á Rolda Norte atopamos unha serie de esculturas realizadas en pedra polo escultor César Portela, onde destaca a “Mesa parroquial”, que mide 33 metros de lonxitude e 3,5 metros de ancho, ten forma elíptica e está rodeada de bancos tamén de pedra.



Outra das esculturas que atopamos na carballeira do Rodo é a coñecida como “A Fonte”, onde podemos ver unha figura feminina de bronce apoiada nunha tarima cúbica centrada nun pequeno estanque bordeado por un banco de pedra, e o Pavillón da Auga, composto por un cubo de pedra rodeado por catro esculturas de formas fantásticas.

Localización: Rúa García Sánchez 1, Lalín, 36500

8.21. Os Castros de Toiriz

Concello: Silleda

Descrición: No sitio denominado Os Castros existe un castro, xacemento arqueolóxico da Idade de Ferro, ao que recentemente os arqueólogos lle deron o nome de Castro de Toiriz, tomado da aldea máis próxima. O Castro consta de dous recintos amurallados, un case circular situado na parte superior do outeiro, na coroa (Eira dos Mouros) e outro, que se desenvolve a una cota inferior apegado ao anterior pola parte sur e leste. Cara a parte exterior deste último recinto aparece en paralelo un sistema defensivo composto de foxo e parapeto.



Este castro non foi escavado, se ben polas características da súa localización e polos restos de cerámicas que se atoparon, os arqueólogos calculan que a aldea fortificada puido ser levantada contra o século IV a.C. Ademais deste valor patrimonial, Os Castros de Toiriz son punto de referencia para numerosas lendas populares que dotan a este lugar dun misticismo especial. O conxunto castrexo atópase profusamente informado con mesas explicativas despois da restauración levada a cabo co esforzo do Colectivo pola Recuperación de Os Castros de Toiriz no ano 2010.

O clima benigno da zona permitiu a diversidade forestal, sobre todo, como non podía ser menos, da existencia de árbores míticos e cargados de lendas coma os carballos (*quercus robur*) e os castiñeiros (*castanea sativa*) que rodean a contorna do castro. Tamén outros termófilos, propios das formacións mediterráneas, que na posición de solaina e de solos ben drenados aproveitan a situación como o loureiro (*laurus nobilis*). O bosque vese intercalado con algunha existencia de piñeiro, tocóns de eucaliptos cortados e zonas abertas con matogueira de toxos (*ulex*) e xestas (*cytissus*).

Esta área presenta unha elevada formación libre xeolóxica na que predominan as rochas graníticas, aproveitadas polos antigos poboadores da zona, que son frecuentemente sobrevoados por corvos (*corvus corax*) e algún exemplar de falcón (*falco peregrinus*).

Localización: Toiriz, Silleda, 36540

8.22. Praia fluvial da Carixa

Concello: Vila de Cruces

Descrición: A praia fluvial da Carixa, en Merza, está situada a moi poucos quilómetros do [Balneario Baños da Brea](#), do [mosteiro de Carboeiro](#) e da [Fervenza do Toxa](#). Atópase ubicada nunha ampla área recreativa ás beiras do río Deza na que tamén hai parque infantil, parque biosaudable, mesas, bar, restaurante, zona axardinada, aseos e paseo. Trátase dunha área autosuficiente enerxeticamente xa que está equipada con placas solares.



A zona está habilitada como [área de autocaravanas](#), con aparcadoiro, lavadoiros e desaugues para augas grises e negras.

En verán convértese nunha fantástica praia fluvial que congrega numerosos bañistas, xa que ademáis do río, conta con dúas piscinas, unha para adultos e outra para os máis pequenos.

O 14 de agosto celébrase a festa de A Carixa.

Localización: Merza, Vila de Cruces, 36586

8.23. Praia fluvial de Tarroeira

Concello: O Pino

Descrición: Praia fluvial situada nas marxes do Río Tambre ao seu paso polo concello de O Pino, dotada con sombras, merendeiro, zona de baño e parque infantil.

Neste lugar comeza unha fermosa ruta de sendeirismo coñecida como [Senda Botánica do Río Mera](#).



Localización: A Tarroeira, O Pino, 15823

8.24. Praia fluvial de Chaián

Concello: Santiago de Compostela

Descrición: É a que está máis preto da cidade, a 10 km aprox. A área recreativa esténdese aos dous lados do río e inclúe pequenas illas fluviais, unidas por pontes de madeira, que compoñen un agradábel paseo. Ten abundante sombra, zona de merendeiro, mesas con taboleiros de xadrez e damas, zona de voleibol, aparcadoiro de coches e de bicicletas, pequena cafetería (aberta en época estival) e abeiro para pescadores. Alí celébrase a [Festa do Escalo](#), no mes de xullo. É un bo lugar para o descubrimento de aves, especialmente garzas.



Como chegar

Saíndo pola estrada cara A Coruña (N-550), ao chegar á rotonda de Meixonfrío dáse a volta completa para coller a vía de servizo e desviarse uns metros máis adiante á dereita, pasando por Meixonfrío e o Polígono do Tambre. Continúase por esta estrada, chamada do Trazo, e despois de pasar pola aldea de Son de Abaixo chégase á área recreativa de Chaián.

Localización: Carretera Chaián , Santiago de Compostela, 15898

8.25. Praia fluvial de Cira

Concello: Silleda

Descrición: Cira é a parroquia de Silleda existente máis ao norte do Concello que representa o límite coa provincia de A Coruña. Situada a 67 m. sobre o nivel do mar, está enmarcada dentro do Rede Natura 2000, dentro do Sistema Fluvial Ulla-Deza, como Lugar de Importancia Comunitaria con especial protección do medioambiente. É couto de pesca sen morte.



A praia fluvial situada na confluencia dos ríos Ulla e Deza é ideal para bañarse. Está equipada con mesas á sombra para comer e descansar e dispón dun parque biosaudable e dun aparcadoiro. Entre os seus atractivos posúe un sendeiro natural que permite coñecer a veiga baixa desta freguesía e visitar ou mercar produtos singulares que se cultivan nos inmensos invernadoiros existentes na contorna.

Como chegar

Dende Santiago pola N 525 en dirección Silleda, a altura de Balboa (Cruce de Oca) coller o desvío pola estrada provincial que vai a Ponteledesma. Lugar de Fucarelos da parroquia de Cira.

Localización: Sistema Fluvial Ulla-Deza, Silleda

8.26. Praia fluvial de Furelos

Concello: Melide

Descrición: Ao seu paso polo concello de Melide, o río Furelos ofrécenos un espazo para o esparcemento de veciños e visitantes. Trátase dun lugar privilexiado, cunha ampla zona de baño e unha zona aberta para tomar o sol. Está acondicionado con tobogáns e tumbonas.



Tamén se pode gozar do acolledor e tranquilo entorno da zona arborada na que podemos atopar mobiliario específico para comer. Ademais conta con piscinas para o uso de persoas de todas as idades.

Dende este punto tamén se poden realizar rutas de sendeirismo.

Como chegar

Na carretera Santiago-Lugo, no lugar de Furelos, coller o desvío da carretera vella..

Localización: Furelos, Melide, 15809

8.27. Praia fluvial de Liñares

Concello: A Estrada

Descrición: Situada entre as parroquias de Lagartóns e Moreira, no concello da Estrada, a praia fluvial de Liñares é de explotación privada aínda que se pode acceder pola zona do río para gozar dunha xornada para grandes e pequenos con zona de baño e xogos.



A zona, que conta cunha carballeira de 22.000 metros cadrados, está xestionada pola Sociedade Deportiva Río Ulla, que se encargou de acondicionala. Nela pódense celebrar, baixo reserva, comidas familiares e outros eventos.

+info: www.turismo.aestrada.com

Localización: Liñares, A Estrada, 36687

8.28. Praia fluvial do Abeseiro de Toiriz

Concello: Vila de Cruces

Descrición: A praia fluvial do Abeseiro de Toiriz está situada á beira do río Arnego. É un lugar fermoso e moi natural que conta con dúas zonas de baño: a zona infantil e a zona de adultos.

O río Arnego remata no pantano de Portodemouros. A área conta con mesas de pedra e grellas. A praia ten ademáis unha inscrición rupestre declarada Ben de Interese Cultural. Pertence ós Sobreirais do Arnego e tamén forma parte dunha ruta de sendeirismo.



Localización: Toiriz, Vila de Cruces

8.29. Praia fluvial de Seira

Concello: Rois

Descrición: Nunha paraxe natural idónea para o descanso, a praia fluvial de Seira é un dos puntos de maior interese do Concello de Rois, especialmente no verán, xa que se presta á práctica do ocio acuático e á relaxación, todo combinado en perfecta harmonía coa natureza. Conta con zona verde e merendeiro.



Localización: Seira, Rois

8.30. Praia fluvial de Pozo do Boi

Concello: Lalín

Descrición: A praia fluvial Pozo do Boi, máis coñecida como praia de Vilatuxe, atópase nun entorno natural conformado polo paso do río Deza. Dispón de dúas áreas de lecer a cada beira do río, conectadas por unha antiga ponte feita de lousas. A primeira área dispón dunha zona verde para tomar o sol, e na outra zona hai unha carballeira con área de recreo.



A praia está dotada con diversos servizos como aseos, bar, parrillas, mesas e bancos de pedra, e unha pequena zona habilitada como parque infantil.

Localización: Barciela, Lalín, 36519